

2.

MERCADO DE TRABAJO E RELACIÓNS LABORAIS

2.1.
ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E DESEMPREGO

2.2.
RELACIÓNS LABORAIS

2.3.
SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABAJO

2.4.
POLÍTICAS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO

2.1.

ACTIVIDADE, OCUPACIÓN
E DESEMPREGO

No actual contexto macroeconómico de Galicia, caracterizado pola contracción por terceiro ano consecutivo do seu PIB real (permanece constante no ano 2010), o agravamento da caída da actividade económica de 2013 tivo un impacto moi negativo no mercado laboral galego atendendo á evolución das principais variables.

O mercado de traballo galego no último ano caracterizouse, entre outros aspectos, por un descenso apreciable da poboación activa, un forte proceso de destrución de emprego, ou preocupantes niveis de desemprego de longa duración e altas taxas de desemprego xuvenil. Non obstante, medran as contratacións iniciais asinadas, tanto indefinidas como temporais, e as conversións en indefinidas.

Un contexto de recesión económica, con taxas de variación do PIB real galego do -1,1%, ven ineludiblemente asociado a unha redución no número de afiliados en alta laboral na Seguridade Social e na poboación ocupada estimada pola EPA. No último ano, o número de afiliacións á

Seguridade Social cae un 3,1% en relación ao ano anterior e a ocupación estimada pola EPA, nun 3,9%. En termos absolutos, Galicia é a quinta comunidade autónoma co maior descenso da ocupación, con 40.800 persoas menos, tras Madrid, Andalucía, Cataluña e Castela e León.

No que respecta ao desemprego, a poboación parada estimada pola EPA incrementouse un 5,2% respecto ao ano anterior, 1,1 puntos porcentuais máis que a media española. Con todo, os aspectos máis preocupantes dos datos do desemprego, pola súa incidencia dende o punto de vista social, son o forte incremento do desemprego de moi longa duración (23.900 persoas menos), que afecta xa a 1000.200 desempregados, e as altas taxas de desemprego xuvenil, que se sitúa en torno ao 50%. No ano 2013, a taxa de paro en Galicia sitúase no 22%, máis de catro puntos menos que a media estatal (26,1%).

A poboación activa galega descende un 2% no último ano, 27.000 activos menos, situándose este descenso tras os estimados en Madrid

Principais indicadores do mercado de traballo galego 2008-13

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	13/12	13/08
	(en miles de persoas)							
Afiliados á Seguridade Social	1.072,5	1.034,5	1.012,8	985,9	946,2	917,4	-28,9	-155,1
Poboación maior 16 anos	2.401,1	2.407,0	2.406,9	2.403,5	2.395,2	2.382,3	-12,9	-18,8
Poboación activa	1.314,8	1.319,5	1.304,4	1.316,6	1.317,7	1.290,9	-26,8	-23,9
Poboación ocupada	1.201,2	1.155,4	1.104,5	1.089,3	1.047,2	1.006,4	-40,8	-194,8
Poboación parada	113,6	164,1	199,9	227,2	270,5	284,6	14,1	171,0
Poboación parada longa duración	14,7	14,2	35,3	52,0	76,3	100,2	23,9	85,5
	(puntos porcentuais)							
Taxa de actividade	54,8	54,8	54,2	54,8	55,0	54,2	-0,8	-0,6
Taxa de ocupación	50,0	48,0	45,9	45,3	43,7	42,2	-1,5	-7,8
Taxa de paro	8,6	12,4	15,3	17,3	20,5	22,0	1,5	13,4
Taxa de paro xuvenil (menores 25 anos)	21,1	30,4	35,4	37,7	45,2	49,9	4,7	28,8
Taxa de temporalidade (%)	30,4	26,5	25,0	24,5	22,9	22,8	-0,1	-7,6
	(en miles de persoas)							
Paro rexistrado	162,5	206,2	226,2	241,3	270,5	276,0	5,5	113,5
Contratos iniciais indefinidos	46,4	37,5	32,5	28,5	30,5	31,5	1,0	-14,9
Contratos iniciais temporais	706,1	616,1	620,6	617,8	610,2	653,0	42,8	-53,1
Contratos convertidos en indefinidos	41,7	29,6	27,6	25,2	21,6	22,3	0,7	-19,4

(1) p.p.: puntos porcentuais

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE e Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 2.1.1.

(78.500 persoas menos) e Cataluña (49.600 persoas).

No que atinxe á contratación, o número total de contratos rexistrados medrou un 6,7%, sete décimas menos que no conxunto do Estado. A taxa de crecemento do número de contratos indefinidos iniciais foi do 3,3% e do 3,2% no caso das conversións. Os contratos temporais medran no último ano un 7% en relación aos contratos rexistrados no ano anterior.

A desfavorable evolución da economía galega dende o comezo da crise deriva nunha evolución tamén negativa das principais variables do mercado de traballo. Dende o comezo da crise económica a poboación maior de 16 anos descende en Galicia en 18.000 persoas, sendo a caída da poboación activa de case 24.000. No que atinxe aos datos de emprego, o número de afiliados en alta laboral á Seguridade Social reduciuse en 155.100 persoas descendendo a ocupación estimada en torno aos 195.000 ocupados. A gravedade

de do mercado laboral reflíctese tamén na evolución do desemprego, e especialmente no desemprego de longa duración e no paro xuvenil, que son os grupos que presentan unha maior dificultade de empregabilidade. Dunha banda, o desemprego medra aproximadamente en 171.000 persoas (113.500 segundo os datos do servizo público de emprego), dos que 85.500 corresponden a persoas que levan máis de dous anos en paro. Doutra banda, se no ano 2013 o 35% dos parados levaban máis de dous anos na procura de emprego, esta porcentaxe situábase por baixo do 13% no ano 2008. Asemade, cómpre mencionar que a taxa de paro xuvenil sitúase no último ano no 49,9%, case vinte e nove puntos por riba da estimada a comezo da crise.

Antes da análise do mercado de traballo cómpre indicar que o 24 de abril de 2014 o IGE publicou as series retrospectivas 2002-2013 da EPA coa base poboacional nova. O cambio de base consiste na incorporación das novas series de poboación e fogares derivadas do Censo de Poboación e

Afiados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2009-13 ⁽¹⁾

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia /España
	(en miles de persoas)						(%)
2009	1.034,5	433,5	129,4	108,6	362,9	18.020,5	5,7
2010	1.012,8	426,9	126,8	106,7	352,4	17.670,4	5,7
2011	985,9	417,2	124,3	104,4	340,1	17.433,2	5,7
2012	946,2	402,4	119,3	100,4	324,2	16.853,2	5,6
2013	917,4	391,2	114,8	98,0	313,4	16.299,5	5,6
xaneiro	907,6	388,0	114,5	97,0	308,1	16.083,8	5,6
febreiro	906,0	387,4	113,8	96,9	307,9	16.094,6	5,6
marzo	907,4	388,2	114,1	97,2	307,9	16.169,8	5,6
abril	906,7	387,1	113,9	97,0	308,8	16.198,7	5,6
maio	910,3	387,8	113,9	97,5	311,1	16.282,0	5,6
xuño	915,6	388,9	114,3	97,7	314,6	16.346,7	5,6
xullo	926,1	392,3	116,3	98,7	318,8	16.284,7	5,7
agosto	929,5	393,9	116,7	99,2	319,7	16.271,4	5,7
setembro	921,2	390,9	115,2	98,8	316,3	16.240,3	5,7
outubro	912,3	390,4	114,0	97,7	310,2	16.190,2	5,6
novembro	916,8	393,2	113,8	97,9	311,9	16.311,6	5,6
decembro	905,7	387,8	113,4	97,2	307,3	16.258,0	5,6

	(taxas de variación interanual)					
13/12	-3,1	-2,8	-3,7	-2,4	-3,4	-3,3
xaneiro	-3,8	-3,4	-3,7	-2,9	-4,5	-4,5
febreiro	-3,9	-3,5	-4,2	-3,0	-4,5	-4,3
marzo	-3,8	-3,5	-4,1	-2,6	-4,5	-4,2
abril	-3,5	-3,1	-4,0	-2,3	-4,2	-3,9
maio	-3,1	-2,8	-3,7	-1,9	-3,5	-3,6
xuño	-3,2	-3,1	-4,1	-2,5	-3,2	-3,7
xullo	-3,0	-2,9	-3,8	-2,5	-3,1	-3,5
agosto	-2,2	-2,0	-3,2	-1,7	-2,2	-2,5
setembro	-3,2	-3,1	-4,1	-2,6	-3,1	-3,3
outubro	-2,6	-2,3	-3,5	-1,9	-2,9	-2,2
novembro	-1,3	-1,0	-2,4	-0,6	-1,4	-0,4
decembro	-1,4	-1,0	-2,5	-1,4	-1,4	-0,5
13/09	-11,3	-9,8	-11,3	-9,8	-13,7	-9,6

(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes
 Fonte: Seguridade Social

■ 2.1.2.

Vivenda de 2011, que substitúe ás baseadas no Censo de 2001. Xunto a aplicación desta nova base mellórase o proceso de calibrado da enquisa incorporando novas variables: poboación por sexo e idade en cada provincia e os fogares segundo tamaño para cada Comunidade Autónoma.

AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

O número medio de afiliados ao sistema da Seguridade Social descendeu en Galicia ao longo dos últimos cinco anos en 117.114 persoas, o

6,8% do descenso no conxunto do Estado neste período de tempo. Comparado coa súa incidencia no mercado de traballo estatal, os datos da Seguridade Social amosan un maior descenso das afiliacións en Galicia, cunha caída entre 2009 e 2013 do 11,3% fronte ao 9,3% de media en España.

Neste contexto de redución do número de afiliacións, o último ano presenta un comportamento lixeiramente mellor que o experimentado no mercado laboral español, cunha contracción das

Afiados en alta laboral na Seguridade Social 2009-13 ⁽¹⁾: distribución segundo réxime


	2009	2010	2011	2012 (2)	2013	13/12
						(%)
Total	1.034.468	1.012.789	985.950	946.229	1.620.839	71,3
Réxime Xeral	755.564	740.686	718.228	699.697	681.384	-2,6
Agás S.E. Agrario e S.E.:E. Fogar)	755.564	740.686	718.228	678.793	649.550	
S.E. Agrario	-	-	-	4.759	4.455	
S.E.E. Fogar	-	-	-	16.145	27.379	
Réxime Especial Autónomo	229.042	222.992	218.964	215.867	213.870	-0,9
Réxime Especial Agrario	4.475	4.548	4.743	-	-	
Conta Allea	4.475	4.548	4.743	-	-	
Conta Propia	-	-	-	-	-	
Réxime Especial do Mar	24.718	24.127	23.661	23.079	22.100	-4,2
Conta Allea	13.801	13.529	13.366	13.041	12.469	
Conta Propia	10.916	10.598	10.295	10.038	9.632	
Réxime Minería do Carbón	18	12	7	1	-	
Réxime Especial Empleados Fogar	20.651	20.424	20.346	7.585	-	
Continuos	12.410	12.019	11.897	4.087	-	
Discontinuos	8.242	8.404	8.449	3.498	-	

(1) medias anuais

(2) no 2012 o Réxime Xeral incorpora ao R.E. Agrario e ao R.E.E. Fogar (a extinguir)

Fonte: IGE

■ 2.1.3.

Afiacións á Seguridade Social 2009-13 ⁽¹⁾: distribución por sectores de actividade

(1) taxas de variación das medias anuais

Fonte: IGE

■ 2.1.4.

Afiliações á Seguridade Social 2012-13: distribución segundo principais ramas de actividade (1)

	2012	2013	13/12
			(%)
47 Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicetas	106.002	104.012	-1,9
56 Servizos de comidas e bebidas	59.649	59.734	0,1
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	58.705	55.763	-5,0
86 Actividades sanitarias	55.114	54.969	-0,3
46 Comercio por xunto e intermed. do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicetas	47.062	45.331	-3,7
43 Actividades de construción especializada	47.548	43.445	-8,6
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	43.315	41.400	-4,4
85 Educación	30.814	33.943	10,2
49 Transporte terrestre e por tubaxe	30.698	29.678	-3,3
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	24.099	27.944	16,0
10 Industria da alimentación	26.983	26.508	-1,8
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría	25.192	24.626	-2,2
41 Construción de edificios	28.636	24.595	-14,1
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicetas	21.593	20.792	-3,7
03 Pesca e acuicultura	20.986	19.965	-4,9
96 Outros servizos persoais	17.662	17.245	-2,4
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	14.352	14.421	0,5
25 Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	14.707	13.818	-6,0
69 Actividades xurídicas e de contabilidade	13.170	13.193	0,2
64 Servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións	12.268	11.289	-8,0
71 Servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas	10.998	10.461	-4,9
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	10.149	9.884	-2,6
14 Confección de roupa de vestir	10.280	9.839	-4,3
87 Asistencia en establecementos residenciais	9.213	9.416	2,2
88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	8.916	9.265	3,9
82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	8.723	8.718	-0,1
55 Servizos de aloxamento	8.707	8.307	-4,6
16 Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartaría	8.854	8.127	-8,2
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	7.264	7.467	2,8
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	8.440	7.219	-14,5
78 Actividades relacionadas co emprego	6.488	6.929	6,8
94 Actividades asociativas	7.337	6.875	-6,3
30 Fabricación doutro material de transporte	6.371	6.175	-3,1
62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	5.864	6.039	3,0
66 Actividades auxiliares dos servizos financeiros e aos seguros	5.670	5.754	1,5
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	5.616	5.572	-0,8
74 Outras actividades profesionais, científicas técnicas	5.002	5.305	6,1
80 Actividades de seguranza e investigación	5.155	5.013	-2,8

(1) ramas CNAE 2009; dende o ano 2009, a rama "non clasificados" inclúe tamén ó colectivo pertencente ós Convenios Especiais de coidadores de persoas dependentes
Fonte: IGE

■ 2.1.5.

afiliações do 3,1%, dúas décimas menos que en España. No ano 2013, de media en Galicia hai un total de 917.354 persoas afiliadas, case 28.900 altas menos que no ano precedente. A provincia de A Coruña foi onde máis se notou o impacto da crise neste último ano, con 11.178 persoas menos en alta laboral na Seguridade Social, seguida da provincia de Pontevedra, con 10.886 altas menos (**cadro 2.1.2.**).

Desagregando a nivel comarcal e municipal,

todas as comarcas galegas (agás Viana, con nove afiliacións máis) e 306 dos 314 concellos de Galicia presentan unha diminución do número de afiliacións. Entre os sete grandes concellos en termos poboacionais, Ferrol é o que presenta a maior caída en termos relativos (5%), sendo Vigo, con case 3.100 afiliacións menos, e A Coruña, con case 2.300, os que experimentan os maiores descensos.

Analizando as perdas de afiliación no período

2009-2013, obsérvase o maior efecto negativo na provincia de Pontevedra. As perdas de afiliados nesta provincia nos cinco anos sinalados son de case 50.000 altas, o que supón unha diminución do 13,7% dos afiliados en alta laboral que de media existen na provincia no citado quinquenio. No conxunto de Galicia e na provincia de Lugo a porcentaxe é do 11,3%, baixando lixeiramente do 10% nos casos de A Coruña e Ourense.

Nos últimos cinco anos, entre as principais cidades galegas salienta o descenso do 15,3% rexistrado en Ferrol, seguido por A Coruña e Vigo, con 9,3% e 9,1%, respectivamente.

En 2013 setenta e catro de cada 100 traballadores afiliados en alta laboral o estaban no réxime xeral e 23 de cada 100, no réxime especial dos traballadores autónomos. En termos absolutos, un total de 681.384 persoas estaban afiliadas no réxime xeral, 18.313 persoas menos que no ano anterior (o descenso sería de case 26.000 de considerarse no ano 2012 as afiliacións ao réxime especial de empregados do fogar dentro do réxime xeral), e 213.870 traballadores o estaban no réxime especial de autónomos, case dous mil menos que no ano precedente (**cadro 2.1.3.**).

Unha vez máis, a redución no número de afiliados esténdese a todos os sectores económicos, sendo moi heteroxénea a súa intensidade. O sector servizos mantense en taxas menos negativas que a media galega (0,8% e 2,9%, respectivamente), mentres que o sector da construción presenta os descensos máis acusados tanto en termos absolutos (8.743 afiliacións) como relativos (-10,8%). No período 2009-2013 o sector da construción reduciu o seu número de afiliacións un 40%, máis de 48.000, seguido polo conxunto das ramas industriais cun 17,3%, case 28.000 afiliacións menos.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade, aquelas que no ano 2013 teñen máis de 10.000 afiliados acollen en conxunto máis do 75% da afiliación en Galicia. O **cadro 2.1.5.** reflicte que as maiores caídas de afiliacións se corresponden coas actividades de "construción especializada" e "construción de edificios", cunha redución de máis de catro mil afiliacións cada unha, seguida de "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria", con case tres mil menos. Por contra, salientan os incrementos experimentados no caso das "actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico" e na "educación", con 3.845 e 3.129 afiliacións, respectivamente.

EMPREGO SEGUNDO A EPA

Os datos que proporciona a Enquisa de Poboación Activa (EPA) para Galicia mostran un novo agravamento da incidencia da crise no ámbito laboral, que presenta un descenso da poboación activa e unha forte destrución de emprego, así como un crecemento do desemprego estimado, especialmente significativo no caso do desemprego de longa duración.

● Poboación activa

A diferenza do acontecido no ano anterior, 2013 presenta unha redución da poboación activa galega, cunha caída do dous por cento, descenso superior en nove décimas á media estatal. No último ano, estímase que a poboación activa galega era de 1.290.900 persoas, 26.800 activos menos que no ano anterior, dos que 683.100 son homes e 607.900 mulleres. Este descenso explícase tanto pola caída da poboación activa masculina e feminina como pola redución de activos de nacionalidade española e estranxeira. Dunha banda, se no ano 2012 a poboación activa feminina medrara en 4.000 persoas, cómpre salientar que en 2013 dos case 27.000 activos menos,

Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2013: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica

Ámbolos dous sexos

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	Na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
			(en miles de persoas)					(%)	
Galicia	2.382,3	1.290,9	1.006,4	284,6	22,9	1.091,3	54,2	42,2	22,0
A Coruña	982,1	543,0	433,4	109,6	8,2	439,1	55,3	44,1	20,2
Lugo	303,8	158,0	128,0	30,0	3,0	145,8	52,0	42,1	19,0
Ourense	285,1	136,6	103,8	32,9	3,3	148,5	47,9	36,4	24,1
Pontevedra	811,3	453,3	341,2	112,2	8,4	357,9	55,9	42,1	24,7
España	38.638,6	23.190,2	17.139,0	6.051,1	542,0	15.448,5	60,0	44,4	26,1
Galicia / España	6,2	5,6	5,9	4,7	4,2	7,1			
13/12									
Galicia	-0,5	-2,0	-3,9	5,2	8,3	1,3			
España	-0,5	-1,1	-2,8	4,1	9,2	0,5			

Homes

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	Na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
			(en miles de persoas)					(%)	
Galicia	1.141,1	683,1	530,6	152,5	10,5	458,1	59,9	46,5	22,3
A Coruña	467,8	284,5	226,0	58,6	3,7	183,2	60,8	48,3	20,6
Lugo	146,8	83,3	67,1	16,2	1,5	63,5	56,7	45,7	19,5
Ourense	137,0	72,5	54,5	17,9	1,2	64,6	52,9	39,8	24,7
Pontevedra	389,5	242,8	183,0	59,8	4,2	146,7	62,3	47,0	24,6
España	18.861,0	12.521,4	9.315,8	3.205,6	241,0	6.339,6	66,4	49,4	25,6
Galicia / España	6,1	5,5	5,7	4,8	4,4	7,2			
13/12									
Galicia	-0,6	-2,4	-4,3	4,8	17,6	2,4			
España	-0,7	-1,7	-3,0	2,4	11,3	1,5			

Mulleres

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	Na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
			(en miles de persoas)					(%)	
Galicia	1.241,2	607,9	475,8	132,1	12,4	633,4	49,0	38,3	21,7
A Coruña	514,4	258,5	207,4	51,0	4,6	255,9	50,3	40,3	19,7
Lugo	157,0	74,7	61,0	13,7	1,5	82,3	47,6	38,8	18,4
Ourense	148,1	64,2	49,2	15,0	2,2	83,9	43,3	33,2	23,3
Pontevedra	421,7	210,5	158,2	52,4	4,2	211,2	49,9	37,5	24,9
España	19.777,7	10.668,8	7.823,2	2.845,6	301,0	9.108,9	53,9	39,6	26,7
Galicia / España	6,3	5,7	6,1	4,6	4,1	7,0			
13/12									
Galicia	-0,5	-1,6	-3,4	5,8	1,8	0,5			
España	-0,3	-0,3	-2,5	6,2	7,5	-0,2			

Fonte: INE

2.1.6.

9.600 son mulleres. Doutra, a poboación activa de nacionalidade española descende en 20.900 persoas (-500 en 2012) e en torno a 7.700 no caso dos estranxeiros (medrara en 1.600 no ano anterior).

Ao longo dos últimos cinco anos, a poboación activa descende en 26.800 persoas, un 2,2%,

rexistrándose esta caída tan só no caso dos homes, con 30.900 activos menos. A poboación activa feminina medra no conxunto do Estado un 4,3%, sendo esta taxa do 0,4% (2.500 mulleres) en Galicia. Asemade, o **cadro 2.1.7.** reflicte que mentres que na comunidade autónoma se produce un descenso da poboación española e estranxeira (23.800 e 4.700 activos

Poboación activa en Galicia e España 2009-13: distribución segundo nacionalidade e sexo

		Total					
		2009	2010	2011	2012	2013	13/09
Total		(en miles de persoas)					(%)
	España	23.260,4	23.364,6	23.434,1	23.443,7	23.190,2	-0,3
	Galicia	1.319,5	1.304,4	1.316,6	1.317,7	1.290,9	-2,2
Homes							
	España	13.032,7	12.959,4	12.858,4	12.739,6	12.521,4	-3,9
	Galicia	714,0	705,6	703,0	700,2	683,1	-4,3
Mulleres							
	España	10.227,8	10.405,2	10.575,7	10.704,2	10.668,8	4,3
	Galicia	605,4	598,8	613,6	617,6	607,9	0,4


		Espaníais					
		2009	2010	2011	2012	2013	2013/09
Total		(en miles de persoas)					(%)
España		19.716,5	19.866,8	20.021,9	20.154,8	20.132,5	2,1
Galicia		1.252,9	1.238,4	1.250,4	1.249,9	1.229,0	-1,9
Homes							
España		11.074,4	11.076,2	11.062,2	11.017,4	10.936,5	-1,2
Galicia		678,8	671,7	668,6	666,6	653,4	-3,7
Mulleres							
España		8.642,1	8.790,7	8.959,7	9.137,4	9.196,0	6,4
Galicia		574,1	566,7	581,8	583,4	575,7	0,3

		Estranxeiros					
		2009	2010	2011	2012	2013	2013/09
Total		(en miles de persoas)					(%)
España		3.544,0	3.497,8	3.412,2	3.288,9	3.057,7	-13,7
Galicia		66,6	66,0	66,2	67,8	61,9	-7,1
Homes							
España		1.958,3	1.883,3	1.796,2	1.722,2	1.584,9	-19,1
Galicia		35,3	33,9	34,4	33,7	29,7	-15,9
Mulleres							
España		1.585,7	1.614,5	1.616,0	1.566,8	1.472,8	-7,1
Galicia		31,4	32,1	31,8	34,2	32,3	2,9

Fonte: INE

■ 2.1.7.

Taxas de actividade en Galicia e España 2009-13: distribución segundo sexos



Fonte: INE

■ 2.1.8.

Poboación maior de 16 anos 2012-13: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica

	2012			2013			13/12			Galicia / España 2013		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)						(%)					
Total												
Total	2.395,2	1.147,7	1.247,5	2.382,3	1.141,1	1.241,2	-0,5	-0,6	-0,5	6,1	6,0	6,3
Activos	1.317,7	700,2	617,6	1.291,0	683,1	607,9	-2,0	-2,4	-1,6	5,5	5,4	5,7
Ocupados	1.047,2	554,6	492,6	1.006,4	530,6	475,8	-3,9	-4,3	-3,4	5,7	5,5	5,9
Parados	270,5	145,6	124,9	284,6	152,5	132,1	5,2	4,7	5,7	4,9	4,9	4,9
Na procura 1º emprego	21,2	9,0	12,2	23,0	10,6	12,4	8,6	17,9	1,8	4,6	4,9	4,4
Inactivos	1.077,5	447,5	630,0	1.091,3	458,0	633,3	1,3	2,4	0,5	7,1	7,3	6,9
16-19 anos												
Total	88,8	45,6	43,2	85,7	44,0	41,6	-3,5	-3,5	-3,5	4,9	4,9	4,9
Activos	11,9	6,6	5,3	7,9	4,7	3,2	-34,0	-29,1	-40,1	2,6	2,7	2,4
Ocupados	5,3	3,1	2,2	2,8	1,8	0,9	-47,9	-41,6	-57,0	3,3	3,8	2,6
Parados	6,6	3,5	3,2	5,1	2,9	2,3	-22,6	-17,4	-28,3	2,3	2,3	2,3
Na procura 1º emprego	4,2	2,3	1,9	3,4	1,8	1,6	-18,5	-19,8	-16,9	2,3	2,2	2,4
Inactivos	76,9	39,0	37,8	77,8	39,3	38,5	1,2	0,8	1,7	5,4	5,4	5,4
20-24 anos												
Total	129,2	65,6	63,6	125,3	63,7	61,6	-3,0	-2,9	-3,2	5,1	5,1	5,1
Activos	71,2	37,7	33,5	66,3	35,0	31,3	-6,8	-7,0	-6,5	4,4	4,5	4,4
Ocupados	40,2	20,9	19,3	34,4	17,7	16,8	-14,4	-15,7	-13,0	4,5	4,5	4,4
Parados	31,0	16,8	14,2	31,9	17,4	14,5	3,1	3,7	2,3	4,3	4,4	4,3
Na procura 1º emprego	7,9	3,8	4,1	10,7	5,6	5,1	35,2	49,3	22,4	5,7	6,3	5,1
Inactivos	58,1	27,9	30,1	59,0	28,7	30,3	1,6	2,8	0,4	6,2	6,2	6,1
25-54 anos												
Total	1.211,1	604,8	606,3	1.195,3	596,8	598,5	-1,3	-1,3	-1,3	5,6	5,5	5,6
Activos	1.038,5	548,0	490,5	1.023,9	536,3	487,7	-1,4	-2,1	-0,6	5,5	5,3	5,7
Ocupados	830,3	436,7	393,7	805,3	421,4	384,0	-3,0	-3,5	-2,5	5,6	5,4	5,8
Parados	208,2	111,3	96,9	218,5	114,9	103,7	5,0	3,2	7,0	5,0	5,0	5,1
Na procura 1º emprego	8,7	2,9	5,8	8,4	3,0	5,4	-3,4	3,4	-6,9	5,5	6,8	5,0
Inactivos	172,6	56,9	115,8	171,5	60,5	111,0	-0,7	6,4	-4,2	6,1	7,5	5,5
> 55 anos												
Total	966,1	431,6	534,5	976,1	436,6	539,5	1,0	1,2	0,9	7,4	7,3	7,5
Activos	196,2	107,9	88,3	192,9	107,1	85,8	-1,7	-0,8	-2,8	6,5	6,3	6,9
Ocupados	171,3	93,8	77,5	163,8	89,7	74,1	-4,4	-4,4	-4,4	6,7	6,3	7,2
Parados	24,8	14,1	10,7	29,1	17,4	11,7	17,0	23,2	8,9	5,7	5,9	5,5
Na procura 1º emprego	0,4	-	0,4	0,5	0,1	0,4	11,8	-	-11,8	6,4	9,8	5,9
Inactivos	769,9	323,7	446,2	783,2	329,5	453,7	1,7	1,8	1,7	7,7	7,8	7,7

Fonte:INE

■ 2.1.9.

menos, respectivamente), no conxunto do Estado tan só se reduce a poboación activa estranxeira (13,7%).

Finalmente, o **cadro 2.1.8.** reflicte que no período 2009-2013 as taxas de actividade en Galicia e en España se manteñen en niveis en torno ao 55% e 60% respectivamente. Se no último ano o descenso da taxa de actividade (oito décimas) se produce no caso das taxas

masculina (1,1 puntos) e feminina (cinco décimas), entre os dous extremos da serie a taxa de actividade redúcese en máis de dous puntos no caso dos homes medrando sete décimas no das mulleres.

● **Poboación ocupada**

A ocupación media en Galicia no ano 2013 situouse nos 1.006.400 persoas, a cifra máis

baixa dos últimos doce anos. En relación ao ano anterior, a taxa de variación negativa mantense no 3,9%, aproximadamente 40.800 persoas. Destas case corenta e un mil persoas ocupadas menos, 24.000 son homes, o que supón un descenso do 4,3% na ocupación masculina fronte ao 3,4% de descenso na poboación ocupada feminina (16.800 persoas). A taxa de ocupación en Galicia situouse no último ano no 42,2%, sendo esta taxa de 46,5% no caso dos homes, máis de oito puntos superior á estimada para a ocupación feminina (38,3%).

A diferenza do acontecido no ano 2012, e tanto no caso dos homes como das mulleres, o descenso na ocupación produciuse de forma xeneralizada en todos os grupos de idade (**cadro 2.1.9.**). O grupo de idade cun maior descenso en termos absolutos na súa ocupación foi o das persoas entre 25 e 34 anos, con 18.200 ocupados menos (9.300 mulleres) seguido polo grupo de maiores de 55, cun descenso de 7.500 persoas (no ano anterior medrara en 4.400 persoas). O descenso da poboación ocupada en Galicia foi 1,1 puntos superior ao estimado para o conxunto do Estado e o peso porcentual da poboación ocupada galega sobre o total estatal mantense estable no 5,7%.

A nivel sectorial, tal como mostra o **cadro 2.1.10.**, a ocupación descende en Galicia en todos os sectores económicos. Loxicamente, a destrución de emprego feminino é máis acusada no sector servizos e primario mentres que predomina a caída da ocupación nos homes na industria e na construción.

A ocupación no sector primario reduciuse case un 22% en Galicia (20.500 persoas) dende o ano 2009, sendo o descenso do emprego estimado no último ano de 5.200 persoas. En termos porcentuais, esta destrución de emprego no sector agrario galego en 2013 foi do 6,5%, permanecendo

Poboación ocupada en Galicia e España 2013: distribución

	Homes
Total	530,6
Sectores económicos	
Agricultura e pesca	43,2
Industria	107,5
Construción	65,7
Servizos	314,2
Situación profesional	
Traballadores por conta propia	138,0
Empregador	43,4
Empresarios sen asalariados	89,1
Membros cooperativas	1,0
Axudas familiares	4,5
Asalariados	392,6
Sector público	80,2
Sector privado	312,4
Ocupación	
Directores e xerentes	26,2
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	65,9
Técnicos e profesionais de apoio	63,4
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	27,2
Trab. servizos restaur., persoais, protecc, vend. comerc.	83,2
Trab. cualificado no sector primario	35,1
Trab. cualif. ind. manufact, construcc., minaría, agás operad.	120,5
Operadores	70,6
Ocupacións elementais	33,2
Ocupacións militares	5,4
Grupos de idade	
16-19 anos	1,8
20-24 anos	17,7
25-34 anos	115,5
35-44 anos	166,4
45-54 anos	139,6
55 e máis anos	89,7
Nivel de formación acadado	
Analfabetos	0,3
Educación primaria	32,3
Educación secundaria	311,2
Primeira etapa	199,8
Segunda etapa	111,4
Formación e inserción laboral con título de secundaria (2ª etapa)	-
Educación superior, agás doutorado	181,8
Doutorado	5,0

Fonte: INE

■ 2.1.10.


Distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

Galicia			España		Galicia/España			Galicia 13/12		
Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
(en miles de persoas)					(%)					
475,8	1.006,4	9.315,8	7.823,3	17.139,1	5,7	6,1	5,9	-4,3	-3,4	-3,9
31,1	74,4	561,1	175,5	736,6	7,7	17,7	10,1	-3,4	-10,6	-6,5
45,9	153,4	1.777,8	577,8	2.355,5	6,0	7,9	6,5	-7,4	-6,1	-7,0
3,6	69,3	942,4	87,1	1.029,5	7,0	4,1	6,7	-9,9	-44,6	-12,7
395,2	709,4	6.034,5	6.983,0	13.017,5	5,2	5,7	5,4	-2,1	-1,8	-1,9
93,1	231,1	2.039,3	1.021,4	3.060,7	6,8	9,1	7,5	0,4	-6,4	-2,4
20,9	64,3	609,6	262,4	872,0	7,1	8,0	7,4	-6,4	-10,3	-7,7
67,7	156,7	1.361,0	689,8	2.050,8	6,5	9,8	7,6	6,0	-4,8	1,0
1,1	2,1	16,0	7,4	23,4	6,1	15,3	9,0	-11,4	15,4	1,2
3,4	7,9	52,7	62,0	114,7	8,6	5,4	6,9	-24,3	-16,3	-20,9
382,8	775,3	7.273,8	6.795,4	14.069,1	5,4	5,6	5,5	-5,9	-2,6	-4,3
96,6	176,8	1.342,7	1.594,7	2.937,3	6,0	6,1	6,0	-8,7	-7,4	-8,0
286,2	598,6	5.931,1	5.200,7	11.131,8	5,3	5,5	5,4	-5,1	-0,9	-3,2
11,1	37,3	555,5	246,8	802,3	4,7	4,5	4,6	-16,6	-3,1	-13,0
88,7	154,7	1.348,7	1.675,4	3.024,1	4,9	5,3	5,1	1,9	-1,3	0,1
37,6	101,0	1.107,2	681,6	1.788,8	5,7	5,5	5,6	-6,7	-9,6	-7,8
58,8	85,9	595,6	1.114,6	1.710,2	4,6	5,3	5,0	-12,7	-2,8	-6,2
150,6	233,8	1.605,8	2.329,5	3.935,3	5,2	6,5	5,9	-2,6	-4,0	-3,5
29,0	64,1	362,7	88,4	451,1	9,7	32,8	14,2	-2,1	-12,1	-6,9
12,2	132,6	1.733,7	141,4	1.875,1	6,9	8,6	7,1	-3,8	-15,3	-5,0
15,4	86,0	1.099,0	165,9	1.264,9	6,4	9,3	6,8	-5,2	8,8	-2,9
72,1	105,4	827,7	1.372,5	2.200,2	4,0	5,3	4,8	2,4	3,6	3,2
0,4	5,8	80,0	7,2	87,2	6,8	5,2	6,7	-12,1	-71,2	-22,4
0,9	2,8	45,6	28,8	74,4	4,0	3,2	3,8	-41,6	-57,0	-47,4
16,8	34,4	355,6	333,3	689,0	5,0	5,0	5,0	-15,7	-13,0	-14,4
109,7	225,1	2.077,4	1.938,7	4.016,1	5,6	5,7	5,6	-7,1	-7,8	-7,5
149,4	315,8	2.979,6	2.457,5	5.437,1	5,6	6,1	5,8	-1,9	0,4	-0,8
124,9	264,5	2.469,4	2.021,2	4.490,5	5,7	6,2	5,9	-2,2	-0,7	-1,5
74,1	163,8	1.388,2	1.043,9	2.432,1	6,5	7,1	6,7	-4,4	-4,4	-4,4
0,2	0,5	20,4	15,3	35,7	1,5	1,5	1,5	-60,0	0,0	-44,7
33,2	65,5	894,9	621,0	1.515,9	3,6	5,4	4,3	-22,9	-20,2	-21,6
237,6	548,9	4.886,1	3.629,4	8.515,6	6,4	6,5	6,4	-3,5	-4,3	-3,8
140,1	339,9	2.753,1	1.760,7	4.513,8	7,3	8,0	7,5	0,3	0,5	0,4
97,5	209,0	2.133,0	1.868,8	4.001,8	5,2	5,2	5,2	-9,5	-10,5	-10,0
0,1	0,1	3,2	3,0	6,2	-	-	-	-	-	-
201,1	382,9	3.426,2	3.485,2	6.911,4	5,3	5,8	5,5	-0,1	1,8	0,9
3,6	8,6	85,1	69,3	154,3	5,8	5,1	5,5	-33,7	-26,4	-30,9

Poboación ocupada en Galicia e España 2009-13: distribución segundo sector

	Galicia				España			
	agricultura e pesca	industria	construción	servizos	agricultura e pesca	industria	construción	servizos
(en miles de persoas)								
2009	94,8	195,7	116,3	748,6	788,1	2.807,6	1.889,8	13.621,4
2010	88,3	172,7	104,9	738,7	786,1	2.650,5	1.651,4	13.636,6
2011	83,5	176,4	91,3	738,1	755,3	2.604,7	1.403,9	13.657,6
2012	79,6	164,9	79,3	723,4	743,4	2.483,7	1.161,3	13.244,2
2013	74,4	153,4	69,3	709,4	736,6	2.355,5	1.029,5	13.017,5
I	71,3	155,3	73,0	706,0	716,5	2.378,5	1.065,2	12.870,0
II	76,4	152,0	69,7	707,3	753,1	2.357,7	1.034,2	13.015,6
III	76,5	154,0	67,2	714,1	699,4	2.345,1	1.028,1	13.157,5
IV	73,2	152,1	67,1	710,3	777,3	2.340,8	990,4	13.026,8
2013-09	-21,6	-21,6	-40,5	-5,2	-6,5	-16,1	-45,5	-4,4

Taxas de variación 2009-13



Fonte: INE

■ 2.1.11.

cendo practicamente estable no conxunto do Estado, onde a ocupación medra un 0,1% en relación ao ano anterior (**cadro 2.1.11.**).

O sector industrial volve a destruír emprego no ano 2013, case 11.500 menos que o estimado no ano anterior, situándose o número total de ocupados en 153.400 persoas, o 15,3% da ocupación total galega. A pesar da medra experimentada en 2011, o sector perdeu ao longo dos últimos cinco anos un total de 42.400 ocupados, un 21,6%.

A construción segue a ser o sector onde a crise

económica ten maior impacto negativo en termos de destrución de emprego. En 2013 a ocupación no conxunto destas actividades diminuíu un 12,7% respecto ao ano anterior, acollen un total de 69.300 persoas. Entre os anos 2009 e 2013, a ocupación descendeu máis dun 40%, 47.100 ocupados menos.

No que atinxe ao sector servizos, no último ano había un total de 709.400 ocupados, o que supón que máis de sete de cada dez persoas ocupadas, traballan en Galicia nestas actividades. No período 2009-2013 o sector servizos perde 39.100 ocupados, o 5,2% do total; sendo a redución da

ocupación neste sector no último ano do 1,9%, unha décima inferior á media estatal.

A maior caída de emprego no ano 2013 neste sector de produción estímase nas actividades de "Administración pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria; Educación; Actividades sanitarias e de servizos sociais", con 13.500 ocupados menos (5,9%). Entre os anos 2009 e 2013 as actividades de comercio perderon 16.700 empregos (5,5%), seguido polas "Actividades profesionais, científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares", con 9.100 ocupados.

Atendendo á desagregación segundo a situación profesional, a destrución de emprego afectou en grande medida aos asalariados, tanto do sector público como privado, se ben no ano 2013, a diferenza do acontecido no ano anterior, descende o número de traballadores por conta propia. Dunha banda, o volume de asalariados reduciuse un 8% no sector público (15.400 asalariados menos) e un 3,2% no sector privado (19.500 asalariados menos). Tras esta caída, o número de asalariados situouse nas 775.300 persoas, un 4,3% menos que no ano anterior.

Doutra banda, no que aos traballadores por conta propia se refire, redúcense novamente o número de empregadores (5.300 menos) e de axudas familiares (2.100 menos), en tanto que medra en 1.600 persoas os empresarios sen asalariados. Como indica o devandito **cadro 2.1.10.**, a caída do número de traballadores por conta propia prodúcese tan só no caso das mulleres, feito que se explica, en parte, pola evolución dos empresarios sen asalariados, xa que descenden en 3.400 persoas no caso das mulleres e medran en 5.100 persoas no caso dos homes.

En termos absolutos, as ocupacións que presen-

tan os maiores descenso en 2013 son as de "Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio", con 8.600 ocupados menos, "Técnicos e profesionais de apoio", con 8.500 menos, e o grupo de "Traballadores cualificados da industria manufacturera, construción, minaría, agás operadores", con 6.900 empregados menos. Por contra, os únicos incrementos se dan entre as "Ocupacións elementais" e os "Técnicos e profesionais científicos e intelectuais", con 3.300 e 200 persoas máis, respectivamente.

No que respecta aos niveis de formación, o 38% da poboación ocupada galega acredita estudos superiores (agás doutoramento), fronte ao 40,3% de media no Estado, e o 54,5% dos ocupados, estudos secundarios, fronte ao 49,7% de media estatal. O 42,3% do total de mulleres e o 34,3% dos homes ocupados en Galicia no ano 2013 teñen estudos superiores, porcentaxes, en ambos casos, inferiores á media estatal, que é do 44,5% das mulleres e do 36,8% dos homes.

A redución de emprego afectou a todos os niveis de formación, salvo as persoas que posúen estudos superiores (agás doutoramentos), que despois da caída experimentada en 2012, presentan unha medra de 3.400 persoas, e secundaria (primeira etapa), con 1.300 ocupados máis. Pola contra, as maiores caídas rexístranse no caso das persoas con educación secundaria (segunda etapa) e estudos primarios, con 23.200 e 18.000 ocupados menos, respectivamente. A poboación ocupada das persoas con doutorado descende no ano 2013 en 3.800 persoas en relación ao ano anterior.

Se se ten en conta a nacionalidade das persoas ocupadas no ano 2013, cómpre destacar que dos 40.800 ocupados menos en relación ao ano anterior, 37.600 son persoas de nacionalidade española (3,7% menos que en 2012). No último ano

experimentouse tamén unha redución da poboación ocupada estranxeira, con 3.300 ocupados menos (-7,7%), explicándose esta caída pola evolución da ocupación no caso das persoas de América Latina, ao estimarse 4.100 ocupados menos en 2013 (medra no caso da Unión Europea en 1.200 persoas).

A pesar de que a maior perda de poboación ocupada masculina favorece o achegamento entre as taxas de ocupación de ambos sexos (**cadro 2.1.6.**), segue existindo unha diferenza de 8,2 puntos porcentuais entre ambas taxas de ocupación (8,8 puntos porcentuais no ano anterior). Atendendo á súa desagregación segundo nacionalidade dos ocupados, cómpre salientar, dunha banda, que tanto os homes como as mulleres de nacionalidade estranxeira presentan unha taxa de ocupación superior á dos españois, e doutra, que o diferencial é moito máis acusado no caso dos estranxeiros que dos españois (11,5 e 8,1 puntos, respectivamente).

● **Análise da temporalidade**

No ano 2013 continúa a tendencia de redución da taxa de temporalidade estimada nos últimos anos (**cadro 2.1.12.**). Esta taxa, entendida como o cociente entre o número de asalariados con contrato temporal e o número total de asalariados, situouse en Galicia no 22,8% (22,9% no ano 2012), tres décimas inferior á taxa de temporalidade media do conxunto do Estado. A diferenza do acontecido no ano precedente, a taxa de temporalidade do sector público redúcese en 1,3 puntos porcentuais pasando do 19,1% ao 17,8% no ano 2013, mentres que a taxa de temporalidade do sector privado medra dúas décimas, situándose no 24,3% no último ano.

Tendo en conta que a taxa de temporalidade media en España é das máis elevadas da UE, moi

por encima da media comunitaria, que para a UE-28 se sitúa en torno ao 14%, a redución da taxa de temporalidade que se ven producindo nos últimos anos debe matizarse polo feito de que é consecuencia, tal como aconteceu dende o comezo da crise económica, da non renovación de contratos.

Ao longo do último ano o número de persoas asalariadas con contrato temporal no sector privado en Galicia descendeu en 3.800 persoas, mentres que esta caída foi de 15.800 no caso dos contratos indefinidos, o que tivo como consecuencia a redución en 19.500 asalariados no sector privado galego. Esta redución no sector privado ven acompañada dun perda en torno aos 15.400 asalariados no sector público, sector no que o número de asalariados con contrato temporal cae en 5.300 persoas, e en 10.100 os asalariados con contrato indefinido.

A taxa global de temporalidade no caso das mulleres descende no último ano 1,4 puntos porcentuais en relación ao ano anterior, ao contrario do que acontece no caso dos homes, cunha medra de un punto. Tras esta evolución, a taxa de temporalidade masculina no ano 2013 foi 21,5% e do 24,1% a feminina.

No que se refire aos varóns, a poboación asalariada con contratos temporais descendeu no último ano en mil persoas, sendo esta contracción de 23.500 no caso dos indefinidos. Esta caída de asalariados prodúcese tanto no caso de contratos indefinidos como temporais, salientando por riba de todo a redución de asalariados con contratos indefinidos no sector privado, con 17.200 ocupados menos que no ano anterior.

No que respecta ás mulleres, o número de asalariadas con contrato temporal diminúe en 8.000 persoas, e o número de asalariadas con contrato indefinido descende en 2.400. O número de asa-

Asalariados e taxa de temporalidade en Galicia e España 2012-13: distribución segundo tipo de contrato, sector e sexo

	2012								
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
			(en miles de persoas)				(%)		
Galicia	155,4	469,2	36,8	148,9	192,2	618,1	19,1	24,1	22,9
A Coruña	76,9	199,4	16,7	62,7	93,6	262,1	17,8	23,9	22,3
Lugo	19,9	51,1	4,2	15,7	24,1	66,8	17,4	23,4	21,8
Ourense	18,7	48,2	3,7	13,6	22,4	61,8	16,5	21,9	20,5
Pontevedra	39,9	170,4	12,2	57,1	52,1	227,5	23,4	25,1	24,8
Galicia	155,4	469,2	36,8	148,9	192,2	618,1	19,2	24,1	22,9
Homes	74,5	257,2	13,4	72,0	87,9	329,2	15,2	21,9	20,5
Mulleres	80,9	212,0	23,4	76,9	104,3	288,9	22,4	26,6	25,5
España	2.462,4	8.699,6	650,1	2.761,5	3.112,5	11.461,1	20,9	24,1	23,4
Homes	1.170,4	4.736,3	226,2	1.441,6	1.396,6	6.177,9	16,2	23,3	22,0
Mulleres	1.292,0	3.963,3	423,9	1.319,9	1.715,9	5.283,2	24,7	25,0	24,9

	2013								
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
			(en miles de persoas)				(%)		
Galicia	145,3	453,4	31,5	145,2	176,8	598,5	17,8	24,3	22,8
A Coruña	71,6	200,3	13,3	60,1	84,9	260,4	15,7	23,1	21,2
Lugo	19,0	46,0	4,7	13,7	23,7	59,7	19,8	22,9	22,1
Ourense	17,9	43,2	2,7	12,8	20,6	56,0	13,1	22,8	20,2
Pontevedra	36,7	163,8	10,8	58,6	47,5	222,4	22,7	26,3	25,7
Galicia	145,3	453,4	31,5	145,2	176,8	598,6	17,8	24,3	22,8
Homes	68,2	240,0	12,0	72,4	80,2	312,4	15,0	23,2	21,5
Mulleres	77,1	213,4	19,5	72,8	96,6	286,2	20,2	25,4	24,1
España	2.363,1	8.450,5	574,3	2.681,2	2.937,4	11.131,7	19,6	24,1	23,1
Homes	1.150,3	4.508,4	192,5	1.422,6	1.342,8	5.931,0	14,3	24,0	22,2
Mulleres	1.212,8	3.942,1	381,8	1.258,6	1.594,6	5.200,7	23,9	24,2	24,1

Fonte: INE

■ 2.1.12.

lariadas redúcese tanto na contratación temporal, sexa sector público ou privado, como na contratación indefinida no sector público. Por contra, aumenta lixeiramente o número de mulleres asalariadas no sector privado con contratos indefinidos (1.400 persoas máis).


A nivel provincial, e a diferenza do acontecido en 2012, cando se produciran descensos en todas as provincias, a taxa de temporalidade experimenta no último ano unha caída de un punto en A Coruña e catro décimas en Ourense, en tanto

que medra tres décimas en Lugo e un punto porcentual en Pontevedra. Tan só esta última provincia segue a ter unhas taxas superiores á media galega (25,8%).

● Duración da xornada de traballo

Tendo en conta a taxa de traballo a tempo parcial, definida como o cociente entre o número de ocupados a tempo parcial e o número total de ocupados, pode observarse como, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, no ano 2013 se

Taxas de ocupación en Galicia e España 2009-13: distribución segundo sexo



Fonte: INE

■ 2.1.13.


Poboación ocupada en Galicia e España 2012-13: distribución segundo tipo de xornada de traballo

	2012					
	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
	(en miles de persoas)					
Galicia	911,6	135,6	521,5	33,1	390,1	102,5
España	15.078,0	2.554,7	8.974,9	633,3	6.103,1	1.921,5
Galicia/España (%)	6,0	5,3	5,8	5,2	6,4	5,3

	2013					
	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
	(en miles de persoas)					
Galicia	861,2	145,2	495,4	35,2	365,8	110,0
España	14.431,7	2.707,3	8.585,9	729,9	5.845,9	1.977,4
Galicia/España (%)	6,0	5,4	5,8	4,8	6,3	5,6

Fonte: INE

■ 2.1.14.

Poboación ocupada con xornada a tempo parcial en Galicia e España 2009-13 ⁽¹⁾: distribución segundo sexos

(1) 2009=100
 Fonte: INE

■ 2.1.15.

produce un incremento desta taxa en relación ao ano anterior, pasando do 13,0% ao 14,5% en Galicia e do 14,5% ao 15,8% en España. No último ano a taxa de traballo a tempo parcial no caso das mulleres non só segue sendo moi superior á dos homes, senón que este diferencial aumenta en relación ao existente no ano anterior. En 2013 esta rateo era de 23,1% no caso das mulleres fronte aos 6,6% no caso dos homes.

A poboación ocupada a tempo parcial en Galicia medrou un 7,1% para situarse no 145.200 persoas, en tanto que a poboación ocupada a tempo completo descendeu un 5,5% situándose nos 861.200 ocupados. Atendendo á desagregación segundo sexos, en 2013 había un total de 110.000 mulleres ocupadas a tempo parcial, un 7,3% máis que no ano anterior, fronte aos 35.200 homes (6,7% máis). Tras esta evolución, setenta e seis de cada cen empregados a tempo parcial son mulleres.

Atendendo á distribución segundo grupos de

idade cómpre salientar que a poboación máis nova non só é a que presenta un maior peso do traballo a tempo parcial senón tamén os maiores crecementos. No ano 2013 o 46,4% das persoas cunha idade comprendida entre os 16 e 19 anos tiña un traballo a tempo parcial, sendo esta porcentaxe do 32,8% no caso das persoas de 20 a 24 anos e de case un 20% nas persoas entre 25 e 29 anos. Entre os anos 2010 e 2013 a taxa aumenta en 6,2 puntos no caso das persoas máis novas, sendo esta medra de 7,3 e 4,9 puntos nas persoas de 20 a 24 anos e de 25 a 29 anos, respectivamente.

As ramas de actividade que presentan un maior peso das xornadas de traballo a tempo parcial pertencen ao sector servizos. Nas actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares o 28,4% dos ocupados realizan unha xornada a tempo parcial, superando á hostalería, cun 26,4%, e ás actividades de información, comunicacións, actividades artísticas, recreativas e de entretemento, cun 20,1%. Xunto a estas hai que subliñar o sector pesqueiro, co 19,3% e a educa-

Poboación parada 2013: distribución segundo sexo, nivel de formación acadada, tempo de procura de emprego e idade

	Homes	Galicia Mulleres	Total	Homes	Galicia / España Mulleres	Total	Homes	13/12 Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)			(en miles de persoas)		
Total	152,5	132,1	284,6	4,8	4,6	4,7	6,9	7,2	14,1
Nivel de formación acadado									
Analfabetos	0,2	0,1	0,3				-0,3	-0,5	-0,8
Educación primaria	15,0	10,1	25,1				-1,4	-1,5	-2,9
Educación secundaria	107,1	77,9	185,0				7,1	5,7	12,8
Primera etapa	76,7	48,8	125,5				5,2	5,3	10,5
Segunda etapa	30,4	29,1	59,5				1,9	0,4	2,3
Educación superior	30,2	43,9	74,1				1,4	3,4	4,9
Tempo de procura de emprego									
Xa atopou emprego	5,5	6,4	11,9	4,0	5,1	4,5	-1,0	0,8	-0,2
Menos de 1 mes	6,0	5,1	11,1	5,2	5,0	5,1	-0,7	-0,4	-1,1
De 1 mes a menos de 3 meses	14,2	13,4	27,6	4,7	5,0	4,8	-1,6	-1,5	-3,1
De 3 meses a menos de 6 meses	14,0	13,8	27,8	4,3	5,0	4,6	-3,6	-0,1	-3,7
De 6 meses a menos de 1 ano	23,0	19,8	42,8	5,0	4,8	4,9	-3,1	-2,0	-5,1
De 1 ano a menos de 2 anos	35,5	27,6	63,1	4,9	4,4	4,7	1,7	1,7	3,4
2 anos ou máis	54,3	45,9	100,2	4,7	4,5	4,6	15,3	8,6	23,9
Grupos de idade									
16 - 19 anos	2,9	2,3	5,1	2,4	2,5	2,4	-0,6	-0,9	-1,5
20 - 24 anos	17,4	14,5	31,9	4,4	4,2	4,3	0,6	0,3	0,9
25 - 34 anos	43,1	39,2	82,3	5,0	5,0	5,0	-1,9	-1,7	-3,6
35 - 44 anos	39,2	37,9	77,0	4,8	4,9	4,8	2,9	4,6	7,4
45 - 54 anos	32,6	26,6	59,3	4,8	4,4	4,6	2,6	3,9	6,7
Máis de 55 anos	17,4	11,7	29,1	5,1	4,8	5,0	3,3	1,0	4,2

Fonte: INE

■ 2.1.16.

ción, co 17,2%. Entre os anos 2010 e 2013 as actividades que presentan un maior incremento de traballo a tempo parcial son a hostalería e a pesca, con 9,6 puntos e 5,6 puntos, respectivamente.

● **Poboación parada**

O desemprego medio estimado pola EPA afecta en Galicia a 284.630 persoas, 14.100 parados máis que no ano 2012, o que supón un incremento no último ano do 5,2% no número de parados estimados, incremento 1,1 puntos superior á media estatal (4,1%). O peso dos parados galegos respecto ao conxunto estatal mantense en torno ao 4,7% (**cadro 2.1.6.**).

O incremento do paro estimado medrou no últi-

mo ano tanto nos homes como nas mulleres, aínda que o aumento foi máis acusado no caso das mulleres, cunha subida media do 5,8% en relación ao desemprego do ano anterior, fronte ao 4,8% no caso dos homes. En termos absolutos, dos aproximadamente catorce mil parados máis estimados no conxunto do ano 2013, en torno a 7.200 persoas son mulleres e 6.900, homes (**cadro 2.1.9.**).

No último ano o paro estimado entre as persoas con idades comprendidas entre 45 e 54 anos medra un 12,6% en relación ao ano anterior (86.700 persoas), sendo este incremento do 16,9% (4.200 persoas) no caso dos maiores de 55 anos e de case o 11% no das persoas de 35 a 44 anos (7.400 parados máis). O **cadro 2.1.16.** indica que o desemprego descende un 23% (16 a


Taxas de paro en Galicia e España 2009-13: distribución segundo grupos de idade

	menores de 25 anos					13/09 (en puntos porcentuais)
	2009	2010	2011	2012	2013	
Galicia	30,4	35,4	37,8	45,3	49,9	19,5
España	37,7	41,5	46,2	52,9	55,5	17,7
	de 16 a 19 anos					13/09
	2009	2010	2011	2012	2013	
Galicia	42,6	48,8	48,6	55,8	64,9	22,3
España	55,4	61,3	64,3	72,6	74,1	18,7
	de 20 a 24 anos					13/09
	2009	2010	2011	2012	2013	
Galicia	27,8	32,5	35,5	43,5	48,2	20,4
España	33,3	36,9	42,3	48,9	51,8	18,5
	maiores de 25 anos					13/09
	2009	2010	2011	2012	2013	
Galicia	10,9	13,8	15,8	18,9	20,3	9,5
España	15,7	17,8	19,2	22,4	23,7	8,0
	de 25 a 54 anos					13/09
	2009	2010	2011	2012	2013	
Galicia	11,5	14,6	16,7	20,0	21,3	9,8
España	16,3	18,4	19,9	23,3	24,5	8,2
	de 55 e máis anos					13/09
	2009	2010	2011	2012	2013	
Galicia	7,2	9,1	10,6	12,7	15,1	7,9
España	11,5	13,5	14,4	17,2	19,4	7,8

Fonte: INE

■ 2.1.17.

Taxas de paro en Galicia e España 2009-13: distribución segundo nacionalidade



Fonte: INE

■ 2.1.18.

19 anos) entre a poboación máis nova e un 4,2% entre as persoas de 25 a 34 anos (1.500 e 3.600 parados menos, respectivamente).

Ao longo dos últimos cinco anos o desemprego das persoas maiores de 45 anos medrou un 116,6% (47.500 parados máis), duplicándose no caso das persoas con idades comprendidas entre 35 e 44 anos (38.600 parados máis). No conxunto do Estado estes incrementos foron moi inferiores aos estimados para Galicia, con medras do 89,6% e 51,9%, respectivamente.

As estimacións da Enquisa de Poboación Activa reflicten que 163.300 persoas, o 57,4% da poboación parada galega, leva máis dun ano na procura de emprego (89.800 son homes), dos que máis de cen mil levan dos ou máis anos nesa situación. Este último segmento de poboación parada é un 31,4% maior que no ano anterior (24.000 persoas máis).

A taxa de paro estimada para Galicia no conxunto do ano 2013 situouse no 22,0%, 4,1 puntos porcentuais por debaixo da media estatal, manténdose como a oitava taxa máis reducida do conxunto de Comunidades Autónomas. As taxas de desemprego galegas foron inferiores á media estatal, tanto para os homes (22,3% por 25,6% de media en España) como para as mulleres (21,7%, fronte a 26,7% no Estado). En Galicia estas porcentaxes medraron en torno a 1,5 puntos porcentuais en ambos os dous casos, en tanto que a media española foi de un punto no caso dos homes e de 1,6 puntos no das mulleres.

A evolución das taxas de paro ao longo dos últimos cinco anos mostra claramente o grave problema de paro xuvenil existente tanto en Galicia como en España. As taxas de paro dos menores de 25 anos aumentan considerablemente en Galicia pasando do 45,3% no ano 2012 (52,9% de media no Estado) ao 49,9% no ano 2013

(55,5% no Estado), en tanto que as dos maiores de 25 anos o fan nunha menor contía, acadando o 20,3% (1,4 puntos porcentuais máis que 2012). Atendendo á desagregación segundo grupos de idade cómpre destacar o forte crecemento da taxa de paro entre as persoas de 16 a 19 anos, que se sitúa no 64,9%, máis de nove puntos por riba da acadada en 2012. Entre os 20 e 24 anos a taxa de paro sitúase no 48,2% (43,5% no ano anterior).

Tendo en conta o nivel de estudos, tanto no caso dos homes como das mulleres o número de parados aumenta nos niveis de educación secundaria e superior. O máis acusado rexístrase na primeira etapa de educación secundaria, con 10.500 parados máis, acadando os 125.500 desempregados. O número de parados con educación superior ascende a 74.100 persoas, case cinco mil máis que no ano anterior.

Se a análise se fai atendendo á nacionalidade das persoas, o **cadro 2.1.18.** mostra como as taxas de paro das persoas estranxeiras son moi superiores ás de nacionalidade española tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Con todo, o incremento na comunidade autónoma entre os anos 2009 e 2013 é superior á media estatal nos dous casos. Neste senso, entre os dous anos considerados a taxa de paro para estranxeiros medra en Galicia en máis de 16 puntos porcentuais para situarse en 36,4% no ano 2013 (aumenta 8,7 puntos de media en España) en tanto que no caso das persoas de nacionalidade española esta medra é de 9,3 puntos, nove décimas máis que no Estado, ascendendo a taxa de paro ata o 21,3%.

A análise dos niveis de poboación parada estimada a nivel provincial reflicte que Pontevedra foi a única provincia que experimenta un descenso do paro estimado, con 900 parados menos que no ano anterior. No extremo oposto, A Coruña pre-

sentou o maior incremento, con 7.600 parados máis, seguida de Lugo e Ourense, con 4.000 e 3.000 parados máis. A pesar desta evolución, Pontevedra segue sendo a provincia con máis persoas paradas (112.200) seguida de A Coruña, con 109.600 parados.

DATOS REXISTRADOS NAS OFICINAS DE EMPREGO

O paro rexistrado nas oficinas de emprego de Galicia volve a experimentar no ano 2013 un novo incremento. Non obstante, cómpre salientar que a taxa de crecemento interanual nese ano é a menor dende comezos da crise económica e, a diferenza do acontecido en 2011 e 2012, esta medra é inferior á do conxunto do Estado.

O número de persoas paradas rexistradas medrou de media en Galicia ao longo do ano 2013 en torno ás 5.500, fronte a un incremento superior ás vinte e nove mil persoas en 2012. En total, no último ano estaban rexistradas 276.000 persoas, o 5,7% do paro rexistrado de media en España. En termos porcentuais, o paro rexistrado medra un 2,0 % en Galicia en relación ao ano anterior, seis décimas menos que no conxunto do Estado.

Os datos mensuais do paro rexistrado, recollidos no **cadro 2.1.19.**, reflicten que a partir do mes de xullo de 2013 o número de parados é similar ao rexistrado no mesmo mes do ano anterior, sendo inferior nos dous últimos meses. En termos de taxas de variación interanual, o **cadro 2.1.20.** amosa taxas positivas de xaneiro a outubro, sendo estas inferiores aos da media estatal nos oito primeiros meses. Nos meses de novembro e decembro, o desemprego descende un 2,1% e un 2,8%, respectivamente.

Ao igual que acontece para o conxunto da comunidade autónoma, o paro rexistrado nas catro

provincias galegas medra en relación ao ano anterior, sendo as taxas de crecemento inferiores as experimentadas en 2012. Lugo volve a ser a provincia co maior incremento en termos relativos, cun 3,2%, seguida neste último ano por Pontevedra, cun 2,2%. Por contra, Ourense presenta a medra máis reducida, cun 0,6% respecto ao rexistrado en 2012.

A pesar do crecemento do paro total en Galicia, a análise sectorial reflicte un descenso do 5,3% no conxunto de actividades da construción e do 3,4% na industria, aumentando case un 8% no sector servizos e un 17% no sector primario. Tras esta evolución, o sector servizos acolle un total de 162.745 parados, o 59% dos parados galegos (62,6% en España), seguíndolle en importancia o sector da construción, con case 43.000 parados, o 15,5% (14,5% no conxunto do Estado). O número de parados rexistrados nas actividades industriais está preto dos 39.000, o 14,1% do total galego (10,9% en España) e no sector primario máis de nove mil persoas, o 3,3% (4,2% de media a nivel estatal) (**cadro 2.1.21.**).

Tras á devandita evolución do desemprego, é o sector primario quen ao longo dos últimos cinco anos presenta as taxas de crecemento máis elevadas, cunha medra do 61,7% entre 2009 e 2013. O sector servizos experimentou unha medra superior ao 40% e o sector da construción medrou case un 35% entre os dous anos considerados. Tan só o sector industrial, cun 17,1%, e o colectivo sen emprego anterior, cun 12,4%, presentan unha taxa de variación inferior á media galega (33,8%).

En termos absolutos, do incremento en 69.762 parados rexistrados experimentado entre os dous anos considerados, máis de dúas terceiras partes (47.035 persoas) pertencen ao sector servizos, o 15,9% ás actividades da construción (11.067 parados máis), un 8,2% ao sector indus-


Paro rexistrado en Galicia e España 2009-13 ⁽¹⁾

	Galicia	España	Galicia /España	Galicia	España
	(en miles de persoas)		(%)	(% de variación interanual)	
2009	206,2	3.644,0	5,66	26,9	11,4
2010	226,2	4.060,8	5,57	9,7	4,8
2011	241,3	4.257,2	5,67	6,7	4,8
2012	270,5	4.720,4	5,73	12,1	10,9
2013	276,0	4.845,3	5,70	2,0	2,6
xaneiro	290,8	4.980,8	5,84	7,2	8,3
febreiro	292,8	5.040,2	5,81	6,6	7,0
marzo	291,2	5.035,2	5,78	5,2	6,0
abril	290,5	4.989,2	5,82	4,6	5,2
maio	283,9	4.890,9	5,80	2,6	3,8
xuño	273,4	4.763,7	5,74	1,6	3,2
xullo	261,1	4.698,8	5,56	0,3	2,4
agosto	257,5	4.698,8	5,48	0,1	1,6
setembro	260,7	4.724,4	5,52	0,5	0,4
outubro	268,2	4.811,4	5,57	0,2	-0,5
novembro	270,9	4.808,9	5,63	-2,1	-2,0
decembro	271,1	4.701,3	5,77	-2,8	-3,0

(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes
 Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 2.1.19.

Paro rexistrado 2009-13: evolución mensual



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 2.1.20.

Paro rexistrado en Galicia e España 2013 ⁽¹⁾: distribución segundo sector de actividade


2013

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Sen emprego anterior
Galicia	276.007	9.021	38.878	42.893	162.745	22.470
A Coruña	108.975	2.673	14.946	17.995	64.812	8.549
Lugo	27.722	1.144	2.808	4.576	16.869	2.324
Ourense	29.962	1.297	4.376	4.422	17.298	2.569
Pontevedra	109.348	3.907	16.748	15.900	63.767	9.028
España	4.845.302	201.528	529.611	704.484	3.032.837	376.842

13/12

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Sen emprego anterior
Galicia	2,0	17,0	-3,4	-5,3	7,7	-14,2
A Coruña	2,0	11,4	-0,4	-6,0	7,3	-13,8
Lugo	3,2	13,5	0,1	-3,4	8,4	-15,6
Ourense	0,6	9,6	0,8	-5,9	5,4	-18,3
Pontevedra	2,2	25,1	-7,4	-5,0	8,6	-13,1
España	2,6	19,4	-0,7	-9,5	6,5	-3,5

Taxas de variación do paro rexistrado en Galicia 2009-13: distribución segundo sectores de actividade



(1) medias anuais

Fonte: IGE e Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 2.1.21.

**Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2013:
distribución segundo tipo**

	Total	Homes	Mulleres	Galicia/Es paña	13/12	
					Galicia (%)	España
Contratos de duración indefinida	31.520	16.372	15.148	4,3	3,3	6,6
Indefinido ordinario	31.194	16.174	15.020	4,3	5,8	8,1
Indefinido minusválidos	326	198	128	5,4	-15,1	-6,3
Contratos de duración temporal	652.987	345.201	307.786	4,8	7,0	7,7
Obra ou servizo	255.809	153.976	101.833	4,3	11,9	10,2
Eventual segundo circunstancias da produción	293.771	149.315	144.456	4,8	5,4	7,5
Interinidade	73.639	22.023	51.616	5,5	-3,4	-3,9
Temporais pers. discapacidade	878	523	355	5,4	13,4	11,1
Relevo	740	462	278	6,1	-24,8	-40,7
Xubilación parcial	909	667	242	5,8	-44,0	-52,8
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	28	10	18	4,0	-76,7	-76,2
Contrato en prácticas	2.738	1.263	1.475	5,6	17,7	16,3
Contrato para a formación	8.355	4.205	4.150	7,9	58,9	75,1
Outros contratos	16.120	12.757	3.363	16,2	2,6	51,6
Contratos convertidos en indefinidos	22.271	11.094	11.177	5,6	3,2	1,0
Total contratos	706.778	372.667	334.111	4,8	6,7	7,4

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

■ **2.1.22.**

trial (5.729 persoas) e un 4,9% ás actividades do sector primario (3.442).

CONTRATACIÓN

A diferenza do acontecido no ano 2012, o número total de contratos rexistrados en Galicia no último ano aumentou un 6,7%, 44.450 contratos máis, acadando un total de 706.778 contratos, o que representa o 4,8% do total estatal. Destas contratacións, 684.507 corresponden a contratos iniciais (o 4,8% dos rexistrados en España) e 22.271, a contratos convertidos en indefinidos (o 5,6% das conversións estatais).

Respecto ao fluxo de entrada ao emprego indefinido, sen contar ás conversións, os datos da **cadro 2.1.22.** indican a diferente evolución das contratacións no caso dos contratos de duración indefinida, tanto para o caso dos homes como das mulleres. En relación ao ano anterior, o número total de contratos indefinidos increméntase nun 3,3%, a metade da taxa rexistrada no conxunto do Estado, situándose nos 31.520 contratos (1.011 contratos máis), dos que 16.372 foron asinados por homes (57 máis que no ano precedente) e os 15.148 contratos restantes (954 máis), por mulleres. A contratación indefinida ordinaria increméntase no último ano un 5,8% en tanto que o contrato indefinido de minusválidos se reduce nun 15,1%.

Dos 1.715 novos contratos indefinidos ordinarios asinados no ano 2013, tres cuartas partes (1.291) son asinados por mulleres, dos que o 69,5% corresponden a mulleres maiores de 45 anos (896 novos contratos) e o 20,8%, a mulleres de 30–39 anos (269). Por contra, descende o paro rexistrado entre as persoas menores de 30 anos (184 mulleres e 182 homes parados menos).

No que respecta á contratación temporal, no último ano rexistráronse un total de 652.987 contra-

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos 2013: distribución segundo tipo de contrato e grupo de idade

	Total	Homes					Mulleres					Galicia/E spaña
		< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	>= 45	< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	>= 45	
(%)												
Contratos de duración indefinida												
Indefinido ordinario	31.194	1.407	2.335	5.644	2.207	4.581	1.440	2.380	4.662	2.053	4.485	4,3
Indefinido minusválidos	326	8	18	60	25	87	3	16	41	18	50	5,4
Contratos de duración temporal												
Obra ou servizo	255.809	19.135	26.873	54.472	18.688	34.808	14.708	19.168	33.944	12.014	21.999	4,3
Eventual segundo circunstancias da produción	293.771	24.267	29.334	54.991	17.506	23.217	26.765	29.385	47.365	16.195	24.746	4,8
Interinidade	73.639	2.662	4.451	8.892	2.542	3.476	5.682	9.021	16.780	7.209	12.924	5,5
Temporais para minusválidos	878	29	48	184	92	170	18	39	108	69	121	5,4
Relevo	740	38	100	226	49	49	21	68	125	38	26	6,1
Xubilación parcial	909					667					242	5,8
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	28		5	4		1		5	9	3	1	4,0
Contrato en prácticas	2.738	643	465	148	4	3	715	573	165	11	11	5,6
Contrato para a formación	8.355	2.438	1.057	237	134	284	2.263	1.334	252	110	246	7,9
Outros contratos	16.120	870	1.198	2.961	1.933	5.795	534	803	1.150	449	427	16,2
Contratos convertidos en indefinidos												
Obra ou servizo	5.903	203	620	1.300	386	663	153	478	1.048	366	686	7,0
Eventual segundo circunstancias da produción	14.526	825	1.296	2.650	885	1.296	958	1.697	2.770	880	1.269	5,1
Interinidade	433	21	27	79	30	35	21	67	91	23	39	5,4
Temporais para minusválidos	182	5	11	30	17	37	0	7	28	16	31	5,7
Relevo	410	4	50	150	31	39	3	22	70	18	23	5,8
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	20	1	3	5	1	2	1	1	2	3	1	4,6
Contrato en prácticas	600	120	133	36	1	0	93	178	33	4	2	5,1
Contrato para a formación	185	72	23	0	0	0	66	23	1	0	0	8,8
Outros contratos	12	0	1	3	1	2	1	0	0	1	3	7,0

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

■ 2.1.23.

Contratos de traballo de duración temporal 2013

	Total	Contratos de duración ata 6 meses						Contratos de máis de 6 meses	Subtotal	Contratos de duración indeterminada
		Total	<=7 días	7-15 días	15 días-1 mes	1-3 meses	3-6 meses			
Por obra ou servizo det.	255.809	51.676	33.209	2.214	3.023	7.185	6.045	4.916	56.592	199.217
Eventuais por cc. produción	293.771	287.298			< 1 mes 188.354	1-3 meses 62.135	3-6 meses 36.809	6.473	293.771	-
Interinidade	73.639	34.437	12.075	7.180	8.702	4.396	2.084	315	34.752	38.887
Temporais para minusválidos	878							878	878	
De relevo	740	23	1	-	3	4	15	717	740	-
Xubilación Parcial	909	10	4	-	-	-	6	798	808	101
Substitución xub. 64 anos	28							28	28	-
Prácticas	2.738	1.846					<=6 meses 1.846	892	2.738	-
Formación	8.355	2.053					<=6 meses 2.053	6.302	8.355	-
Outros	16.120	15.404	14.617	22	9	56	700	122	15.526	594
Total	652.987	392.747	59.906	9.416	200.091	73.776	49.558	21.441	414.188	238.799
% / total	100	60,1	9,2	1,4	30,6	11,3	7,6	3,3	63,4	36,6

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

■ 2.1.24.

tos de duración temporal, dos que 345.201 foron asinados por homes (31.682 contratos máis), e os restantes 307.786 por mulleres (11.069 contratos menos).

No último ano aumentan os contratos iniciais de duración temporal, nun 7,0%, sete décimas menos que no conxunto do Estado, o que implica 42.751 contratos temporais máis que no ano 2012. Tendo en conta os tipos de contratos de duración temporal, obsérvase un importante crecemento dos contratos por obra e servizo e dos contratos eventuais segundo circunstancias da produción (27.174 e 15.158 contratos máis que no ano anterior). Tan só os contratos de interinidade, os de xubilación parcial, relevo e os contratos de substitución por xubilación aos 64 anos descendén en relación ao ano anterior.

Os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os de obra ou servizo seguen sendo os máis numerosos, ao acoller o 45,0% e o 39,2% da contratación temporal total, respectivamente.

Por mor do peso relativo dos contratos por obra ou servizo determinado, o 36,6% dos contratos temporais (238.799 contratos) teñen unha duración indeterminada. Entre os contratos cunha duración concreta, só unha mínima parte asínanse por máis de seis meses (apenas 21.441 dun total de 414.188 contratos). A este respecto, e tal como se mostra no **cadro 2.1.24.**, máis da metade dos contratos temporais de duración ata 6 meses son contratos de duración entre 15 días e 1 mes e un 15,3%, de sete ou menos días.

En canto á distribución sectorial dos contratos iniciais no ano 2013, o **cadro 2.1.25.** mostra como oitenta e dous de cada cen contratos son asinados polo sector servizos, acollendo a industria o 8,3%, a construción o 6,2% e o restante 3,3% o sector primario. De xeito máis detallado,

	Contratos		
	Total		
	2012	2013	13/12 (%)
Indefinido ordinario (bonif./no bonif.)	29.479	31.194	5,8
Indefinido fomento da contratación indefinida	646	-	-
Persoas con discapacidade	384	326	-15,1
Obra ou servizo	228.635	255.809	11,9
Eventual circunstancias produción	278.613	293.771	5,4
Interinidade	76.194	73.639	-3,4
Temporal persoas discapac.	774	878	13,4
Relevo	984	740	-24,8
Xubilación parcial	1.624	909	-44,0
Substitución xubilación 64 anos	120	28	-76,7
Prácticas	2.327	2.738	17,7
Formación	5.258	8.355	58,9
Outros contratos	15.707	16.120	2,6
Total	646.286	684.507	5,9

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

■ 2.1.25.

o 21,2 % das contratacións pertencen árama de “actividades administrativas e servizos auxiliares”, con 144.8325 contratos, por diante da hostalería, con 126.413 contratos (o 18,5%); o “comercio, por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor”, con 65.805 contratos (9,6%) e das “actividades da industria manufacturera” e de “transporte e almacenamento”, con aproximadamente 53.000 e 47.000 contratos, o 7,7 % e 6,9 % dos contratos totais.

Comparado co total estatal, cómpre salientar o peso relativo das industrias extractivas e as de transporte e almacenamento, que representan o 9,3% dos contratos españois, así como as actividades artísticas, recreativas e de entretemento, cun 7,9%, ou as industrias manufactureiras, cun 7,4%.

Atendendo á desagregación sectorial segundo tipo de contrato, no sector servizos destaca polo seu número o contrato eventual por circunstancias da produción, predominando nos restantes tres sectores o contrato de obra ou servizo. Aten-

Iniciis de traballo 2012-13: distribución segundo sector económico

Agricultura			Industria			Construcción			Servizos		
2012	2013	13/12 (%)	2012	2013	13/12 (%)	2012	2013	13/12 (%)	2012	2013	13/12 (%)
3.077	3.451	12,2	2.971	2.905	-2,2	2.848	2.801	-1,7	20.583	22.037	7,1
47	-	-	92	-	-	47	-	-	460	-	-
6	4	-33,3	42	28	-33,3	20	19	-5,0	316	275	-13,0
12.220	13.497	10,5	24.206	28.862	19,2	26.870	30.285	12,7	165.339	183.165	10,8
3.565	4.027	13,0	17.715	19.031	7,4	7.927	8.279	4,4	249.406	262.434	5,2
1.046	1.119	7,0	3.935	4.303	9,4	379	318	-16,1	70.834	67.899	-4,1
12	13	8,3	99	104	5,1	36	27	-25,0	627	734	17,1
3	4	33,3	390	335	-14,1	51	29	-43,1	540	372	-31,1
2	6	200,0	740	380	-48,6	88	37	-58,0	794	486	-38,8
-	-	-	9	2	-77,8	5	2	-60,0	106	24	-77,4
7	9	28,6	316	400	26,6	148	188	27,0	1.856	2.141	15,4
95	142	49,5	501	655	30,7	515	577	12,0	4.147	6.981	68,3
65	5	-92,3	22	24	9,1	49	91	85,7	15.571	16.000	2,8
20.145	22.277	10,6	51.038	57.029	11,7	38.983	42.653	9,4	530.579	562.548	6,0

Contratos de traballo en Galicia e España 2013: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia/España
	(% / total)		(% / total)		(%)
Sector primario	22.277	3,3	2.031.957	14,1	1,1
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	22.277	3,3	2.031.957	14,1	1,1
Industria	57.029	8,3	804.528	5,6	7,1
Industrias extractivas	592	0,1	6.352	0,0	9,3
Industria manufactureira	52.970	7,7	715.262	5,0	7,4
Suministro enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A.	294	0,0	4.012	0,0	7,3
Sum. agua, act. saneam., xestión de residuos e descontaminación	3.173	0,5	78.902	0,5	4,0
Construción	42.653	6,2	976.546	6,8	4,4
Servizos	562.548	82,2	10.579.682	73,5	5,3
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehículos motor.	65.805	9,6	1.219.018	8,5	5,4
Transporte e almacenamento	47.303	6,9	506.026	3,5	9,3
Hostalería	126.413	18,5	2.169.728	15,1	5,8
Información e comunicación	14.697	2,1	216.097	1,5	6,8
Actividades financeiras e seguros	1.931	0,3	40.890	0,3	4,7
Actividades inmobiliarias	938	0,1	32.293	0,2	2,9
Activ. prof. cient.e tecn.	17.135	2,5	398.459	2,8	4,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	144.832	21,2	3.277.778	22,8	4,4
Admón. publ. def. e sso.	17.564	2,6	405.989	2,8	4,3
Educación	25.398	3,7	454.653	3,2	5,6
Activ. san. e serv. soc.	34.092	5,0	871.242	6,1	3,9
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento.	41.885	6,1	528.582	3,7	7,9
Outros servizos	14.604	2,1	225.590	1,6	6,5
Actividades do fogar	9.944	1,5	229.817	1,6	4,3
Act. de organiz. e organismos extra-territoriais	7	0,0	3.520	0,0	0,2
Total	684.507	100,0	14.392.713	100,0	4,8

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

■ 2.1.26.

Empresas de traballo temporal e contratos de posta a disposición nas CC.AA. 2012-13 ⁽¹⁾

	2012		2013		13/12	
	ETTs	contratos	ETTs	contratos	ETTs	contratos
Andalucía	69	198.280	66	203.350	-3	5.070
Aragón	32	56.822	30	67.215	-2	10.393
Asturias	18	24.835	18	31.791	0	6.956
Baleares	13	12.619	13	15.688	0	3.069
Canarias	23	79.949	21	84.389	-2	4.440
Cantabria	15	23.882	14	22.638	-1	-1.244
Castela - A Mancha	33	55.283	27	62.260	-6	6.977
Castela e León	24	108.392	24	115.706	0	7.314
Cataluña	102	377.395	95	407.230	-7	29.835
C. Valenciana	67	284.252	64	298.688	-3	14.436
Estremadura	6	6.205	6	8.579	0	2.374
Galicia	23	86.793	21	98.394	-2	11.601
A Coruña	18	34.447	17	38.200	-1	3.753
Lugo	8	5.302	8	5.727	0	425
Ourense	8	4.292	7	4.788	-1	496
Pontevedra	17	42.752	16	49.679	-1	6.927
Madrid	104	323.937	93	345.760	-11	21.823
Murcia	44	221.676	45	264.813	1	43.137
Navarra	21	51.132	21	65.055	0	13.923
País Vasco	44	99.130	42	101.480	-2	2.350
A Rioxa	10	12.818	10	16.566	0	3.748
Total	296	2.023.400	276	2.209.602	-20	186.202

(1) ETTs con autorización a 31 de decembro de cada ano segundo C.A. de ubicación dos seus centros de traballo
 Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 2.1.27.

dendo ao seu peso relativo no total estatal os contratos eventuais por circunstancias da produción representan o 5,5%, sete décimas máis que o peso deste tipo de contratos no conxunto de Galicia.

EMPRESAS DE TRABAJO TEMPORAL (ETT)

No ano 2013 increméntase de novo, tal como ven acontecendo en anos anteriores, o número de contratos xestionados a través de empresas de traballo temporal. Neste último exercicio, o número total de contratos de posta a disposición asinados polas ETT en Galicia foi de 98.394, logo dun incremento de 11.601 contratos (en termos porcentuais, aproximadamente un 13,4%). A importancia relativa do número de contratos de

posta a disposición en Galicia no total estatal incrementouse ata o 4,5% (4,3% no ano 20112).

O incremento do número de contratos prodúcese en todas as provincias galegas, correspondendo o maior incremento á provincia de Pontevedra, con 6.927 contratos máis, acadando os 49.679 contratos asinados, co que segue a ser a provincia co maior número, seguida de A Coruña, con 38.200. O número de contratos asinados nas provincias de Lugo e Ourense é moi inferior, con 5.727 e 4.778 contratos respectivamente.

Xunto a actividade desenvolvida por estas empresas de traballo temporal, a 31 de decembro de 2013 hai en Galicia un total de 25 axencias de colocación autorizadas, das que trece

Poboación inactiva en Galicia e España 2009-13 ⁽¹⁾: distribución segundo sexo e clase de inactividade

	Galicia					
	2009	2010	2011	2012	2013	2013/09
	(en miles de persoas)					(%)
Total	1.087,5	1.102,5	1.086,9	1.077,5	1.091,3	0,4
Homes	438,3	447,2	448,6	447,5	458,0	4,5
Mulleres	649,2	655,3	638,4	630,0	633,3	-2,5
Estudiante	144,4	153,3	150,5	141,7	133,9	-7,3
Homes	68,0	72,0	70,1	69,8	66,3	-2,5
Mulleres	76,4	81,3	80,4	71,9	67,6	-11,5
Xubilado ou prexubilado	474,6	480,8	488,5	492,7	499,2	5,2
Homes	271,1	276,8	280,1	280,7	286,1	5,5
Mulleres	203,5	204,0	208,4	212,0	213,1	4,7
Labores do fogar	230,7	235,8	217,8	216,8	223,9	-3,0
Homes	21,8	25,1	25,8	25,1	32,6	49,9
Mulleres	208,9	210,7	192,0	191,8	191,3	-8,5
Incapacidade permanente	114,3	112,0	91,9	94,2	102,0	-10,8
Homes	53,7	55,4	45,8	46,0	50,1	-6,6
Mulleres	60,7	56,6	46,1	48,2	51,9	-14,5
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	104,6	105,6	118,4	112,3	113,7	8,7
Homes	9,9	7,2	14,6	12,6	10,8	9,6
Mulleres	94,7	98,5	103,8	99,7	102,9	8,6
Outra	18,9	15,1	20,0	19,7	18,7	-0,9
Homes	13,9	10,9	12,2	13,2	12,1	-12,8
Mulleres	5,0	4,2	7,7	6,5	6,6	32,2

	España					
	2009	2010	2011	2012	2013	2013/09
	(en miles de persoas)					(%)
Total	15.390,6	15.395,5	15.408,2	15.371,3	15.448,5	0,4
Homes	5.953,5	6.056,5	6.174,1	6.246,4	6.339,6	6,5
Mulleres	9.437,1	9.339,0	9.234,2	9.124,9	9.108,9	-3,5
Estudiante	2.341,1	2.434,9	2.477,2	2.460,7	2.305,2	-1,5
Homes	1.102,8	1.168,9	1.203,6	1.203,6	1.124,2	1,9
Mulleres	1.238,3	1.266,0	1.273,7	1.257,1	1.181,1	-4,6
Xubilado ou prexubilado	5.254,0	5.384,6	5.541,6	5.590,5	5.754,9	9,5
Homes	3.566,6	3.623,0	3.702,3	3.737,6	3.820,7	7,1
Mulleres	1.687,3	1.761,6	1.839,3	1.852,9	1.934,2	14,6
Labores do fogar	4.404,1	4.246,0	4.054,1	3.946,6	3.972,9	-9,8
Homes	324,8	330,3	327,8	352,3	417,0	28,4
Mulleres	4.079,3	3.915,7	3.726,3	3.594,3	3.555,9	-12,8
Incapacidade permanente	1.179,4	1.175,1	1.160,0	1.188,3	1.284,5	8,9
Homes	521,5	520,4	506,3	533,0	582,7	11,7
Mulleres	657,8	654,7	653,7	655,3	701,8	6,7
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	1.835,0	1.803,3	1.798,3	1.817,8	1.764,0	-3,9
Homes	171,6	164,9	179,0	169,1	147,9	-13,8
Mulleres	1.663,4	1.638,4	1.619,3	1.648,7	1.616,1	-2,8
Outra	377,2	351,7	377,1	367,6	367,0	-2,7
Homes	266,2	249,0	255,2	250,9	247,1	-7,2
Mulleres	111,0	102,7	121,9	116,7	119,9	8,0

(1) en medias anuais
Fonte: INE

■ 2.1.28.

están na provincia de A Coruña, nove en Ourense, seis en Pontevedra e cinco en Lugo (o total de axencias por provincia non suma 25 porque una axencia pode ter centros de traballo en máis dunha provincia).

POBOACIÓN INACTIVA

A poboación economicamente inactiva comprende a aquelas persoas que se ocupan do seu fogar; estudantes; xubilados ou prexubilados; persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e de prexubilación; persoas que realizan sen remuneración traballos sociais, actividades de tipo benéfico (excluídas as que son axudas familiares); incapacitados para traballar; e outras situacións: en xeral persoas que, sen exercer actividade económica, reciben axuda pública ou privada, e todas aquelas non incluídas nas categorías anteriores.

En Galicia o número de inactivos no ano 2013 era de 1.091.400 persoas, o 7,1% do total estatal. Corenta e cinco de cada cen inactivos galegos son persoas cunha pensión de xubilación ou prexubilados (499.200 persoas), que representan o 8,7% do total do Estado. En segundo lugar en canto a número de persoas, despois do forte crecemento entre os homes, están as dedicadas a "labores do fogar", con 223.800 persoas (5,7%),

maioritariamente mulleres (85,4%) (**táboa 2.1.28.**).

Fronte ao descenso do ano anterior, a poboación inactiva aumentou en 2013 en case catorce mil persoas, un 1% en relación ao ano anterior, das que 10.600 son homes e 3.300 mulleres. Dentro das causas de inactividade, baixou o número de estudantes e "outras situacións" (7.700 e 1.000 persoas, respectivamente), mentres que se incrementaron as demais, entre as que salientan as de incapacidade permanente, con 7.800 inactivos máis, e as labores do fogar, con 7.000 persoas máis (7.500 homes máis).

Entre os motivos que se aducen para non buscar emprego, no último ano rexistrase un incremento en todas as categorías funcionais agás as de "outras responsabilidades familiares ou persoais" (non inclúe o coidado de nenos ou adultos enfermos, discapacitados ou maiores), con 5.700 persoas menos, e os que están afectados por unha regulación de emprego, con 100 inactivos menos que no ano anterior. Por contra, cómpre salientar a medra experimentada polo número de persoas que aducen que "*creen que non o van a atopar*", con 3.800 persoas máis, así como o das persoas xubiladas e o daquelas por motivos de enfermidade ou incapacidade propia, con 2.800 persoas máis en ambos os dous casos. ■

2.2.

RELACIÓNS LABORAIS

No eido das relacións laborais os dous indicadores fundamentais son os relativos á negociación colectiva e á conflictividade laboral, destacando o descenso do número de procedementos de regulación de emprego e dos traballadores afectados polos mesmos, así como un forte incremento dos traballadores afectados polas folgas e das xornadas non traballadas, que se multiplican por 3,3 e se duplican, respectivamente, en relación ao ano anterior.

NEGOCIACIÓN COLECTIVA

O número de convenios colectivos –vixentes ou prorrogados tacitamente– existentes en Galicia a 31 de decembro de 2013 ascendeu ata os 860, dezanove máis que no ano anterior, que afectan a 428.614 persoas. O 85,8% destes acordos laborais (738 convenios) corresponde a convenios de empresa.

Os convenios colectivos asinados no último ano ascenderon a 195 e afectaron a un total de 242.672 traballadores, case cento oitenta mil

máis que no ano 2012. Asemade, revisáronse un total de trece convenios colectivos que afectan a 6.287 persoas traballadoras (25.345 persoas no ano anterior). Como se desprende do **cadro 2.3.2.**, este descenso ven motivado pola evolución dos convenios de sector.

En 2013 negociáronse por primeira vez un total de 23 convenios, todos eles convenios de empresa, dos que oito foron asinados na provincia de A Coruña e sete en Pontevedra. En Lugo e Ourense asináronse catro e dous convenios, tendo outros dous un ámbito de aplicación autonómico ou interprovincial. A pesar da medra do número total de convenios negociados por primeira vez, descende o número de traballadores afectados ata as 598 persoas traballadoras, 716 menos que no ano anterior.

O 7,3% dos convenios colectivos existentes no último ano teñen un ámbito de aplicación superior ao provincial. Nos convenios de sector existentes en 2013 con vixencia expresa en 2013, a provincia de Pontevedra é a que concentra o maior

Convenios colectivos existentes 2012-13 ⁽¹⁾

2012

	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	841	65	277	97	87	315
Sector	126	19	31	23	66	32
Empresa	715	46	246	74	21	283

2013

	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	860	63	285	101	88	323
Sector	122	17	30	23	20	32
Empresa	738	46	255	78	68	291

(1) convenios colectivos, vixentes ou prorrogados tacitamente, a 31 de decembro de cada ano; no total inclúense tamén acordos reguladores

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

■ 2.2.1.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2012-13

2012

	Total		Convenios asinados		Convenios revisados		Negociados por 1ª vez	
	convenios	traball.	convenios	traball.	convenios	traball.	convenios	traball.
Total	161	89.538	117	62.879	30	25.345	14	1.314
Sector	30	71.536	14	46.859	16	24.677	-	-
Empresa	131	18.002	103	16.020	14	668	14	1.314

2013

	Total		Convenios asinados		Convenios revisados		Negociados por 1ª vez	
	convenios	traball.	convenios	traball.	convenios	traball.	convenios	traball.
Total	231	249.557	195	242.672	13	6.287	23	598
Sector	44	230.964	41	225.282	3	5.682	-	-
Empresa	187	18.593	154	17.390	10	605	23	598

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

■ 2.2.2.

número, con 32 (o 25,4%), seguida pola provincia de A Coruña, co 24,6% dos convenios existentes en Galicia no ano 2012 (31 convenios de sector).

Os 44 convenios de sector asinados e revisados afectaron en 2013 a 230.964 persoas traballadoras, o que significa que o 19% dos convenios afectan ao 92,5% dos traballadores. Os 187 convenios de empresa afectan ao 7,5% dos traballadores.

O incremento salarial medio pactado nos 208 convenios asinados ou revisados en 2013 –calcu-

lado en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenios e tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados nese ano– foi do 0,57%, o máis baixo do que se ten rexistro no Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL), máis de medio punto porcentual inferior ao IPC galego.

O CGRL reflicte que o 18,46% dos convenios asinados ata o momento teñen cláusulas de revisión salarial e o 23,08% dos revisados.

**Xornada media pactada na negociación colectiva 2012-13:
distribución segundo sector económico**

	2012	2013
	(en horas / ano)	
Total	1.770,27	1.767,50
Agricultura e pesca (1)		
Industria	1.761,65	1.769,47
Construción (1)		1.736,52
Servizos	1.785,66	1.787,85

(1) non se asinaron convenios neste sector
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

■ 2.2.3.

Xornada media pactada por traballador nas CC.AA. 2012-13 (1): distribución segundo sector

	2012				2013			
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
	(en horas / ano)							
Interautonómicos	1.702,8	1.758,0	1.726,1	1.689,4	1.686,9	1.756,1	1.747,7	1.662,0
Andalucía	1.771,4	1.756,9	1.738,1	1.784,7	1.754,1	1.753,6	1.738,1	1.758,2
Aragón	1.760,7	1.754,6	1.738,0	1.776,3	1.769,1	1.735,2	1.738,3	1.780,1
Asturias	1.762,8	1.733,9	1.725,9	1.781,3	1.763,5	1.738,2	1.738,0	1.784,1
Baleares	1.775,3	1.751,1	1.738,0	1.779,3	1.740,3	1.778,7	1.738,0	1.715,8
Canarias	1.800,3	1.775,2	1.738,2	1.803,8	1.794,9	1.767,1	1.776,0	1.797,7
Cantabria	1.750,3	1.753,4	1.738,0	1.751,1	1.731,9	1.742,3	1.738,0	1.712,3
Castela-A Mancha	1.768,3	1.765,5	1.738,0	1.780,6	1.766,6	1.764,4	1.738,0	1.777,6
Castela e León	1.758,5	1.745,5	1.738,0	1.768,4	1.741,0	1.730,9	1.738,0	1.745,2
Cataluña	1.748,5	1.748,7	1.738,1	1.747,9	1.748,3	1.757,9	1.751,5	1.745,5
C. Valenciana	1.748,2	1.754,5	1.738,0	1.772,9	1.762,9	1.762,4	1.738,1	1.778,5
Extremadura	1.769,2	1.743,0	-	1.777,4	1.776,6	1.772,2	-	1.795,5
Galicia	1.773,3	1.753,0	1.736,1	1.802,6	1.775,3	1.762,1	1.736,8	1.795,8
Madrid	1.760,0	1.759,6	1.738,0	1.764,5	1.773,8	1.762,9	1.737,7	1.788,0
Murcia	1.754,3	1.764,3	1.738,1	1.755,1	1.788,2	1.763,4	-	1.802,8
Navarra	1.706,3	1.700,5	1.727,9	1.705,2	1.712,2	1.702,0	1.728,0	1.708,6
País Vasco	1.698,2	1.680,8	1.713,6	1.700,0	1.691,8	1.686,5	1.724,1	1.688,6
A Rioxa	1.746,0	1.740,0	1.738,0	1.769,6	1.763,6	1.736,1	1.738,6	1.777,3
Ceuta e Melilla	1.736,4	1.720,5	1.731,0	1.739,0	1.782,7	-	1.736,9	1.802,0
Total	1.737,3	1.753,1	1.736,5	1.729,0	1.728,3	1.754,8	1.737,6	1.714,7

(1) convenios con inicio de efectos económicos en cada ano correspondente; o desglose xeográfico realizouse tendo en conta a localización da autoridade laboral donde se registrou o convenio; os datos son provisionais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 2.2.4.

Tendo en conta o número de persoas traballadoras ás que afectan estas cláusulas, as porcentaxes son do 41,36% nos convenios asinados e do 40,59% nos revisados. Recollen "pacto de ultraactividade" o 71,28% dos convenios asinados, situándose esta porcentaxe no 87,8% no caso dos convenios de sector e no 66,9% nos de empresa.

A xornada media pactada en Galicia –tense en conta só os convenios que a regulan de xeito anual– descende ata as 1.767,5 horas/ano, o que supón unha redución de case tres horas/ano en relación ao ano anterior. Como ven acontecendo en anos anteriores, a xornada en convenios de empresa é máis reducida que nos de sectores (1.735,5 horas fronte a 1.769,5 horas, respecti-

Inaplicacións de convenios rexistradas en 2013 ⁽¹⁾

	Total		C.A. / Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.
Total	180	4.166	9	982	82	1.720	26	348	7	45	56	1.071
Agricultura	3	43	1	17	2	26	-	-	-	-	-	-
Industria	37	1.875	1	452	17	900	6	74	1	20	12	429
Construción	10	59	2	21	6	33	-	-	-	-	2	5
Servizos	130	2.189	5	492	57	761	20	274	6	25	42	637
0-5 traball.	89		-		40		17		4		28	
6-30 traball.	67		5		30		7		3		22	
31-49 traball.	7		1		4		-		-		2	
50-100 traball.	5		-		3		1		-		1	
101-250 traball.	8		1		4		1		-		2	
251-500 traball.	4		2		1		-		-		1	
Máis 500 traball.	-		-		-		-		-		-	

(1) Estas inaplicacións corresponden tan só a aqueles convenios de ámbito de comunidade autónoma ou provincial

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

■ 2.2.5.

vamente). A nivel sectorial, o **cadro 2.2.3.** indica que no sector agrario non se asinaron convenios no ano 2013, situándose novamente o sector servizos como o sector con maior xornada media pactada, con 1.787,9 horas, por diante da industria e a construción, con 1.769,5 e 1.736,5 horas, respectivamente.

Comparada co resto das comunidades autónomas, os datos do Ministerio de Empleo y Seguridad Social reflicten que Galicia se sitúa como a quinta comunidade con maior xornada media por traballador no ano 2013, tras Canarias (1.794,9 horas), Murcia (1.788,2 horas), Ceuta e Melilla (1.782,7 horas) e Estremadura (1.776,6 horas) (**cadro 2.2.4.**).

Un último aspecto a ter en conta á hora de analizar os convenios colectivos é a súa inaplicación. Segundo os datos do CGRL no ano 2013 rexistráronse un total de 180 inaplicacións que afectaron a 4.166 traballadores, dos que no sector servizos rexistráronse 130 e 37 na industria, afectando a 2.289 traballadores e 1.875 traballadores, respectivamente. Como amosa o **cadro 2.2.5.**, case a metade das inaplicacións de convenios

rexistradas prodúcense nas empresas de cinco ou menos traballadores e un 37% en empresas de seis a trinta traballadores.

No concernente á regulación de emprego, despois dun incremento de máis do 70% dos traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego no ano 2011 e do 30% no ano seguinte, 2013 presenta unha redución do 22,6% en relación ao ano anterior, acadando 22.960 traballadores afectados, fronte aos 29.647 do ano 2012. Do total de traballadores afectados 13.760 (o 60%) sufriron unha suspensión do emprego e 5.748 traballadores (o 25%), unha rescisión do seu contrato (**cadro 2.2.6.**).

Os datos facilitados pola Consellería de Traballo e Benestar indican que o número de expedientes de regulación de emprego no ano 2013 descendeu en Galicia case un dezoito por cento respecto ao ano anterior, acadando os 1.917 procedementos de regulación de emprego, 415 menos que en 2012. No último ano descende o número de expedientes pactados e non pactados, medrando os procedementos sen período de consultas, que son aqueles expedientes que se

Traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego autorizados nas CC.AA. 2012-13

	Total		Medidas de extinción		Medidas de suspensión		Medidas de reducción	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013	2012	2013
Andalucía	24.571	26.107	5.393	7.025	11.898	10.330	7.280	8.752
Aragón	28.700	24.730	2.326	2.554	23.222	19.833	3.152	2.343
Asturias	22.127	19.194	2.441	2.566	17.061	13.816	2.625	2.812
Baleares	3.606	3.286	856	913	1.497	1.245	1.253	1.128
Canarias	8.105	8.583	2.658	2.227	2.757	4.247	2.690	2.109
Cantabria	11.286	10.908	1.111	1.219	8.467	7.987	1.708	1.702
Castela-A Mancha	9.932	10.901	3.323	1.978	3.588	5.785	3.021	3.138
Castela e León	46.450	30.104	3.581	3.642	36.765	21.471	6.104	4.991
Cataluña	78.180	68.287	14.002	12.847	48.435	44.792	15.743	10.648
C. Valenciana	53.683	36.838	10.888	5.631	32.077	22.063	10.718	9.144
Extremadura	5.889	4.722	960	992	2.508	1.352	2.421	2.378
Galicia	29.647	22.960	3.500	3.452	19.535	13.760	6.612	5.748
Madrid	47.646	50.954	15.423	18.797	15.759	21.337	16.464	10.820
Murcia	7.349	3.776	1.997	1.117	1.864	1.224	3.488	1.435
Navarra	16.897	12.309	2.200	1.554	13.146	9.466	1.551	1.289
País Vasco	51.944	42.449	4.254	3.278	41.656	32.787	6.034	6.384
A Ríoxa	5.783	3.679	706	487	4.107	2.597	970	595
Ceuta e Melilla	98	185	25	72	44	24	29	89
Total	451.893	379.972	75.644	70.351	284.386	234.116	91.863	75.505

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 2.2.6.

Procedementos de regulación de emprego 2012-13 ⁽¹⁾

	Pactados			Non pactados			Sen período de consultas		
	2012	2013	13/12	2012	2013	13/12	2012	2013	13/12
Galicia	2.185	1.742	-20,3	92	87	-5,4	75	88	17,3
A Coruña	680	548	-19,4	29	34	17,2	11	22	100,0
Lugo	180	172	-4,4	4	5	25,0	4		
Ourense	124	157	26,6	9	4	-55,6	4		
Pontevedra	1.159	828	-28,6	46	36	-21,7	56	66	17,9
Autónómicos	42	37	-11,9	4	8	100,0			

(1) Pactados: aqueles expedientes nos que se acada un acordo no período de consultas entre empresa e a representación dos traballadores; Non pactados: aqueles nos que non se acada un acordo no período de consultas entre a empresa e a representación dos traballadores; Sen período de consultas: aqueles expedientes que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.2.7.

xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

A provincia de Pontevedra, a pesar do descenso superior ao 26%, foi que presentou o maior número de expedientes, con 939, seguida de A Coruña con 604 (13,7% menos que no ano anterior). Tan só Ourense presenta unha medra do

número de procedementos de regulación do emprego (24 máis que en 2012) debido á medra de expedientes pactados.

CONFLITIVIDADE LABORAL

Os datos proporcionados polo Ministerio de Empleo e Seguridade Social recollen o forte incremento do número de traballadores partici-

Folgas nas CC.AA. 2012-13: traballadores participantes e xornadas non traballadas ⁽¹⁾

	2012		2013	
	traballadores participantes	xornadas non traballadas	traballadores participantes	xornadas non traballadas
Andalucía	14.328	48.567	17.333	44.479
Aragón	27.126	30.642	17.541	46.450
Asturias	55.529	220.846	16.136	22.982
Baleares	111	774	6.431	49.978
Canarias	1.084	2.600	3.745	9.852
Cantabria	5.387	9.257	7.175	9.311
Castela-A Mancha	1.306	2.824	6.675	6.881
Castela e León	10.635	302.746	15.026	11.040
Cataluña	35.870	82.340	159.944	350.767
C. Valenciana	6.620	27.760	20.388	30.110
Extremadura	491	2.272	4.852	5.625
Galicia	13.379	32.885	44.415	67.065
Madrid	100.997	329.162	61.326	228.583
Murcia	1.293	19.127	5.172	25.056
Navarra	27.947	45.141	24.262	48.753
País Vasco	21.649	132.885	36.782	139.472
A Ríoxa	95	238	608	1.911
Ceuta e Melilla	24	48	213	165
Total	323.871	1.290.114	448.024	1.098.480

(1) O total de folgas non coincide coa suma das CC.AA. Porque a cada provincia se lle asigna, ademais das folgas do seu propio ámbito territorial, as folgas de ámbito autonómico e estatal.

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 2.2.8.

pantes nas folgas e das xornadas non traballadas. En concreto, multiplicouse por 3,3 o número total de participantes e duplicouse o das xornadas non traballadas. No conxunto do Estado o número de traballadores afectados multiplicouse por 1,4 en tanto que descende o das xornadas non traballadas.

O número de traballadores participantes en folgas situouse na comunidade autónoma nas 44.415 persoas (en torno a trinta e un mil traballadores máis que no ano anterior) e o das xornadas non traballadas, nas 67.065 (22.650 xornadas máis que en 2012).

Por comunidades autónomas, Galicia é a terceira comunidade cunha maior incidencia de traballadores participantes, tras Cataluña e Madrid, e a

cuarta no cómputo de xornadas non traballadas superada tan só por Cataluña, Madrid e o País Vasco. ■

2.3.

SEGURIDADE E SAÚDE
NO TRABAJO

Seguindo a tendencia de anos anteriores, continúa a mellora nas condicións laborais existentes, derivada da menor incidencia dos accidentes laborais. Esta evolución ven determinada tanto pola contracción da actividade económica e o seu impacto no mercado laboral como polas melloras derivadas das políticas de prevención e inspección no ámbito da seguridade e saúde no traballo.

No ano 2013 mantense a tendencia, iniciada no ano 2008, de descenso do número total de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, que se sitúa nos 22.377 accidentes, un 5,4% menos que no ano anterior.

Ao igual que no ano anterior, na provincia de Pontevedra é onde máis descende o número total de accidentes, cun 8,5% menos que no ano 2012, o que supón 702 accidentes con baixa en xornada de traballo menos que os rexistrados naquel ano. A provincia de A Coruña, con 10.041 accidentes con baixa laboral, é a que rexistra un maior número de accidentes no ano 2013, a

pesar da redución do 5,5% en relación ao ano anterior.

Este descenso dos accidentes rexistrouse no caso dos accidentes leves e dos graves, fronte a un incremento do número de accidentes mortais (dous máis). Neste senso, os accidentes leves diminuíron no total de Galicia un 5,3%, e os graves fixérono nun 13,3%. Os accidentes de carácter grave reducíronse en todas as provincias galegas, agás na Coruña, e os leves aumentaron tan só na provincia de Ourense.

A distribución do número de accidentes e a súa gravidade por sectores foi dispar. O sector servizos segue sendo o que experimenta o maior número de accidentes laborais con baixa, con 10.846 accidentes (o 48,5% dos accidentes con baixa en xornada de traballo en Galicia), seguido polo sector industrial, que rexistrou 6.303 accidentes (o 28,6%), e a construción, con 2.718 accidentes (o 12,4% dos accidentes en Galicia).

A contracción da actividade económica ten unha

Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2012-13: distribución segundo a gravidade e sector económico

	Totais			Leves			Graves			Mortais		
	2012	2013	13/12 (%)	2012	2013	13/12 (%)	2012	2013	13/12 (%)	2012	2013	13/12 (%)
Total	23.657	22.377	-5,4	23.130	21.912	-5,3	482	418	-13,3	45	47	4,4
A Coruña	10.630	10.041	-5,5	10.449	9.843	-5,8	168	181	7,7	13	17	30,8
Lugo	2.435	2.372	-2,6	2.353	2.295	-2,5	74	69	-6,8	8	8	0,0
Ourense	2.377	2.451	3,1	2.305	2.398	4,0	64	47	-26,6	8	6	-25,0
Pontevedra	8.215	7.513	-8,5	8.023	7.376	-8,1	176	121	-31,3	16	16	0,0
Sectores												
Agricultura	1.126	1.214	7,8	1.066	1.142	7,1	57	68	19,3	3	4	33,3
Pesca	1.173	1.135	-3,2	1.124	1.070	-4,8	44	58	31,8	5	7	40,0
Industria	6.668	6.397	-4,1	6.557	6.303	-3,9	103	88	-14,6	8	6	-25,0
Construción	3.772	2.785	-26,2	3.654	2.718	-25,6	108	57	-47,2	10	10	0,0
Servizos	10.918	10.846	-0,7	10.729	10.679	-0,5	170	147	-13,5	19	20	5,3

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

■ 2.3.1.

consecuencia directa na diminución nos accidentes laborais. Así, os datos do **cadro 2.3.1.** reflicten unha redución do número total de accidentes en todos os sectores económicos agás no agrícola. O sector da construción é o que experimenta un maior descenso, un 26,2% de accidentes menos que no ano anterior, seguido da industria, cun descenso do 4,1% (987 e 271 accidentes menos).

Os accidentes leves no ano 2013 descenderon ata os 21.912, dos que o 48,7% acontecen no sector servizos. O descenso relativo máis importante deste tipo de accidentes rexístrase no sector da construción, sector no que se contabilizaron 2.718 accidentes, un 25,6% (936) menos que no ano anterior.

No que atinxe aos accidentes graves, no último ano rexistráronse 418 accidentes, 64 menos que en 2012, dos que máis do 35% acontecen no sector servizos. Nas ramas de actividade agrarias e pesqueiras aumenta o número de accidentes graves en relación aos sufridos no ano precedente, fronte ao descenso na construción, servizos e industria.

Por contra, rexistráronse dous accidentes mortais máis que no ano 2012, polo que o seu número foi de 47. Como no caso dos accidentes leves e graves, o maior número de accidentes mortais se produce no sector servizos, con 20, seguíndolle neste caso a construción, con dez accidentes.

O índice de incidencia da sinistralidade laboral, que relaciona o número total de accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, acadou en Galicia os 2.869 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados, cifra similar á media estatal. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, o **cadro 2.3.2.** reflicte que Galicia, tras un descenso de máis do 4% no número de accidentes con baixa laboral, situáse como a oitava Comunidade co maior índice, tras Baleares, Asturias, Castela-A Mancha, Canarias, País Vasco, A Ríoxa e Andalucía.

Segundo os datos do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, no ano 2013 Ourense pasa a ser a provincia co índice de incidencia de accidentes máis elevado, con 3.176,4 accidentes

Índices de incidencia dos accidentes de traballo nas CC.AA. 2012-13 ⁽¹⁾

	Accidentes con baixa		Accidentes mortais	
	2012	2013 (2)	2012	2013 (2)
Andalucía	2.721	2.872	3,1	2,7
Aragón	2.610	2.657	4,0	4,4
Asturias	3.510	3.491	4,4	7,7
Baleares	3.873	4.025	0,9	1,2
Canarias	3.332	3.373	1,4	4,2
Cantabria	2.589	2.626	3,5	3,1
Castela-A Mancha	3.361	3.434	5,3	4,9
Castela e León	2.763	2.750	3,5	5,9
Cataluña	2.897	2.844	2,4	1,9
C. Valenciana	2.575	2.672	3,3	2,3
Extremadura	2.560	2.666	5,8	4,0
Galicia	2.999	2.869	5,8	5,3
Madrid	2.598	2.534	2,2	2,3
Murcia	2.713	2.859	2,8	4,2
Navarra	2.790	2.839	2,7	3,8
País Vasco	3.286	3.215	3,9	3,4
A Ríoxa	2.895	2.932	7,1	2,2
Ceuta	2.915	2.888	-	-
Melilla	2.875	2.873	11,9	-
Total	2.849	2.869	3,2	3,1

(1) Índice de incidencia: accidentes x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

Índice de incidencia accidentes mortais: accidentes mortais x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

(2) datos 2013 son provisionais

Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

■ 2.3.2.

Índices de incidencia dos accidentes de traballo con baixa 2012-13: distribución segundo sector

2012					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	3.151,0	3.275,1	2.644,3	3.150,5	3.175,7
Agricultura	3.044,0	3.282,9	2.803,9	2.865,0	3.118,0
Pesca	5.644,3	9.791,7	6.730,8	-	3.764,3
Industria	5.264,2	5.482,8	3.882,5	5.885,3	5.199,3
Construción	6.584,5	6.662,9	5.755,9	6.956,1	6.673,9
Servizos	2.144,8	2.244,8	1.856,9	1.969,4	2.162,3

2013					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	2.974,3	3.083,0	2.590,0	3.176,4	2.913,2
Agricultura	3.465,5	3.709,4	3.128,6	3.601,4	3.534,6
Pesca	5.749,5	9.612,9	8.083,3	-	3.786,9
Industria	5.287,2	5.292,1	3.778,3	6.120,8	5.394,0
Construción	5.627,1	5.666,0	5.166,4	6.398,9	5.435,1
Servizos	2.057,8	2.203,8	1.869,5	2.075,2	1.920,4

Fonte: *Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia*

■ 2.3.3.

Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal nas CC.AA. 2012-13: continxencias comúns

	Duración media dos procesos con alta		Incidencia media por cada 1.000 traballadores protexidos		Número medio de procesos iniciados	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013
	(en días / ano)		(%)			
Andalucía	40,21	40,66	16,21	14,90	40.009	35.350
Aragón	33,36	33,36	20,56	18,56	8.838	7.878
Asturias	48,51	47,03	17,20	15,61	5.297	4.616
Baleares	34,07	31,48	18,86	19,43	6.656	6.793
Canarias	33,38	34,01	23,04	19,88	14.201	12.029
Cantabria	42,51	42,23	19,01	17,82	3.326	3.042
Castela-A Mancha	46,93	45,12	14,56	13,87	8.020	7.172
Castela e León	44,32	43,95	15,11	14,06	11.009	9.813
Cataluña	30,29	28,86	24,41	24,19	63.637	61.575
C. Valenciana	51,00	48,83	13,57	12,93	18.964	17.423
Extremadura	52,20	57,62	12,04	10,13	3.853	3.096
Galicia	58,59	57,44	14,25	13,78	11.470	10.807
A Coruña	56,09	54,38	14,71	14,43	5.138	4.917
Lugo	64,76	66,74	11,94	11,30	1.070	984
Ourense	50,60	53,89	13,59	12,98	1.084	1.024
Pontevedra	62,14	59,90	14,59	13,99	4.177	3.882
Madrid	29,35	29,44	21,55	19,96	54.029	49.406
Murcia	48,45	46,32	17,77	16,22	7.771	6.924
Navarra	26,00	24,25	30,93	31,31	7.000	6.833
País Vasco	38,46	34,77	22,38	22,89	17.237	17.247
A Ríoxa	34,25	33,88	18,12	17,74	1.834	1.725
Ceuta	32,30	35,07	21,63	15,48	382	280
Melilla	32,13	30,86	22,28	19,26	390	338
Total	37,12	36,06	19,14	18,19	283.923	262.345

Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social

■ 2.3.4.

por cada cen mil afiliacións, fronte aos 3.083 accidentes de A Coruña e os 2.913,2 e 2.590 accidentes por cada cen mil afiliacións en Pontevedra e Lugo, respectivamente.

Dada a redución da sinistralidade laboral no sector da construción, este deixa de ser a actividade con maior índice de incidencia, acadando os 5.627,1 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta. No último ano a pesca sitúase como o sector co índice máis elevado, con 5.749,5 accidentes, situándose en 5.287,2 no sector industrial. Os índices máis baixos rexistráronse nos servizos e na agricultura, con 2.057,8 e 3.465,5 accidentes. En relación ao ano anterior, cómpre salientar o

forte descenso do índice de incidencia na construción e nos servizos.

No caso dos accidentes mortais, Galicia rexistrou un total de 5,3 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta. Galicia, despois de descenso experimentado (5,8 accidentes en 2012), presenta o terceiro índice máis elevado, por detrás de Asturias (7,7) e Castela e León (5,9), sendo a rateo acadada no conxunto do Estado de 3,1 accidentes.

No que respecta ás baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns e profesionais, os **cadros 2.3.4. e 2.3.5.** mos-

Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal nas CC.AA. 2012-13: continxencias profesionais

	Duración media dos procesos con alta		Incidencia media por cada 1.000 traballadores protexidos		Número medio de procesos iniciados	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013
	(en días / ano)		(%)			
Andalucía	34,17	32,62	3,30	3,38	6.830	6.870
Aragón	40,42	37,19	2,86	2,79	1.165	1.161
Asturias	45,59	43,00	3,49	3,44	1.045	990
Baleares	30,49	29,21	3,95	4,10	1.308	1.368
Canarias	33,19	32,80	3,37	3,39	1.953	1.959
Cantabria	46,50	40,90	2,74	2,73	459	445
Castela-A Mancha	36,11	34,72	3,38	3,38	1.747	1.676
Castela e León	40,14	38,76	2,77	2,74	1.960	1.873
Cataluña	33,68	32,89	3,13	3,15	7.717	7.640
C. Valenciana	40,17	38,43	2,70	2,74	3.528	3.542
Extremadura	36,80	37,49	2,90	2,96	775	775
Galicia	46,82	46,42	3,09	3,03	2.428	2.321
A Coruña	45,64	45,70	3,09	3,03	1.063	1.015
Lugo	59,88	58,58	2,52	2,56	242	240
Ourense	42,06	41,43	2,86	3,04	225	238
Pontevedra	45,84	45,19	3,37	3,20	898	828
Madrid	29,73	29,76	2,64	2,60	6.546	6.314
Murcia	37,99	35,21	2,99	3,01	1.206	1.212
Navarra	32,02	30,21	3,00	3,10	641	645
País Vasco	32,64	32,19	3,52	3,39	2.655	2.503
A Rioxa	34,34	35,81	2,93	2,99	290	290
Ceuta	34,03	40,58	3,01	3,03	51	53
Melilla	41,34	38,11	3,04	3,11	50	52
Total	35,45	34,36	3,05	3,06	42.354	41.690

Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social

■ 2.3.5.

tran como o número medio de procesos iniciados no ano 2013 volve a ser inferior aos iniciados no ano anterior tanto no caso de baixas por continxencias profesionais, como no de continxencias comúns. Así mesmo, diminuíu a incidencia media por cada mil traballadores protexidos en continxencias profesionais e comúns.

A duración media das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns pasa de 58,59 días no ano 2012 a 57,44 días no último ano. Tras este descenso, Galicia se sitúa como a segunda Comunidade Autónoma coa maior duración media dos procesos con alta no período, tras Extremadura. No conxunto do Estado a duración media das nomeadas baixas é

de 36,06 días, en torno aos vinte e un días e medio menos que en Galicia.

De igual xeito, descende a duración media das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais, pasando de 46,82 días no ano 2012 a 46,42 días en 2013. Galicia continúa como a Comunidade Autónoma cuxa duración media dos procesos con alta no período máis elevada, superando á media estatal en 12,1 días.

ENFERMIDADES PROFESIONAIS

O sistema español atende ás enfermidades profesionais dende 3 puntos de vista normativos e

Enfermedades profesionales 2013: distribución segundo sexo e sectores de actividade ⁽¹⁾

Homes					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
Total	6	28	297	60	110
Grupo I	-	-	8	4	3
Grupo II	2	26	212	46	76
Grupo III	-	-	1	-	15
Grupo IV	3	-	60	8	5
Grupo V	1	2	15	1	11
Grupo VI	-	-	1	1	-

Mulleres					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
Total	8	3	155	1	336
Grupo I	-	-	7	-	6
Grupo II	2	2	133	1	232
Grupo III	1	1	-	-	66
Grupo IV	4	-	5	-	5
Grupo V	1	-	10	-	27
Grupo VI	-	-	-	-	-

(1) Grupo I: Enfermedades profesionales causadas por agentes químicos

Grupo II: Enfermedades profesionales causadas por agentes físicos

Grupo III: Enfermedades profesionales causadas por agentes biológicos

Grupo IV: Enfermedades profesionales causadas por inhalación de sustancias e agentes non comprendidos noutros apartados

Grupo V: Enfermedades profesionales da pel causadas por sustancias e agentes non comprendidos nalgún dos outros apartados

Grupo VI: Enfermedades profesionales causadas por agentes carcinógenos

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

2.3.6.

institucionais distintos: a normativa de prevención de riscos laborais, en canto ao coidado e prevención; a normativa sanitaria, en canto ao diagnóstico, asistencia e tratamento; e a normativa da seguridade social en canto á indemnización ou protección económica. Este último punto de vista é o que proporciona a definición legal de enfermidade profesional, considerada como a contraída a consecuencia do traballo executado por conta allea nas actividades que se especifiquen no cadro que se aprobe polas disposicións de aplicación e que veña provocada pola acción dos elementos ou substancias que en dito cadro se indiquen para cada enfermidade profesional.

O **cadro 2.3.6.** mostra as enfermidades profesionais por grupos e sectores de actividade no

ano 2013 en Galicia. Así, dun total de 1.004 casos rexistrados, 521 cursaron baixa laboral, sendo o sector industrial, con 452, seguido dos servizos, con 426, as ramas de actividade onde máis casos se rexistran. ■

2.4.

POLÍTICAS DE FORMACIÓN
PARA O EMPREGO

As medidas encamiñadas a acadar unha maior formación para o emprego en Galicia aséntanse en tres piares. En primeiro lugar, os programas dirixidos a mellorar a inserción e reinserción laboral dos traballadores desempregados, especialmente daqueles que pertencen aos colectivos que acceden ao mercado laboral con máis dificultade, xa sexa mediante unha contratación por conta allea ou polo seu establecemento por conta propia. Estas medidas instrumentáanse a través dos programas de cooperación, dos programas mixtos de formación e emprego, ou mediante as medidas de apoio á contratación aos emprendedores e ao traballo autónomo.

O segundo pilar das políticas activas de emprego é a Formación Profesional para o emprego, que engloba ás antigas formación ocupacional e continua, centrada no ámbito laboral e dirixida aos traballadores desempregados e ocupados.

Finalmente o Servizo Público de Emprego debe incidir nas políticas activas de emprego, axudando ao traballador a atopar ocupación.

FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Ao abeiro da convocatoria para o ano 2013 programáronse un total de 1.601 cursos de formación cun orzamento de 53,9 millóns de euros. Comparado co ano anterior, rexístrase unha importante caída do número de accións formativas e do orzamento dedicado a estas accións, concentrándose case todo o descenso nas accións dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas (898 accións e 24 millóns de euros menos).

No que atinxe á formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas (AFD), que é unha política activa de emprego que ofrece cursos de formación gratuítos para persoas traballadoras desempregadas co obxecto de dotalos de cualificación e facilitar a súa integración no mercado laboral, no último ano programáronse un total de 878 accións, cun orzamento total de 47,4 millóns de euros, aos que asistiron 13.140 persoas. Os últimos datos dispoñibles sobre a inserción laboral destes cur-

Accións formativas para o emprego 2013 ⁽¹⁾

	Accións formativas	Alumnos	Orzamentos
			(en millóns de euros)
Total	1.601	11.689	53.930,6
Dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas	878	13.140	47.430,6
Medios propios	197	2.976	9.758,6
Programación pluriprovincial	263	3.945	16.104,3
Programación provincial	418	6.219	21.567,7
Programas sen compromiso de contratación (ordinaria)			
Programación plurianual			
Programación provincial			
A Coruña	266	3.990	15.174,49
Lugo	154	2.295	8.526,66
Ourense	157	2.345	9.356,47
Pontevedra	301	4.510	14.372,93
Dirixidas prioritariamente a persoas ocupadas	722	11.689	6.491,0
Plans de formación intersectoriais	644	10.585	5.355,2
Plans de formación sectoriais	78	1.104	1.135,9
A Coruña	298	4.807	2.457,5
Lugo	97	1.671	978,2
Ourense	62	950	498,8
Pontevedra	265	4.261	2.556,5

(1) formación profesional para o emprego dirixida prioritariamente a persoas desempregadas e ocupadas

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.4.1.

sos, correspondente ao ano 2012, reflicte unha cifra do 39% dos alumnos.

As devanditas accións formativas, incluídas no Programa operativo plurirrexional adaptabilidade e emprego, diríxense a aquelas persoas que están inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia. Estas accións abranguen tres grupos fundamentais:

- Cursos de AFD de programación ordinaria.
- Cursos de AFD con compromiso de contratación.
- Cursos de AFD impartidos en centros de formación de titularidade da Xunta de Galicia.

No que aos cursos AFD sen compromisos de contratación se refire, ao longo do ano 2013 programáronse un total de 616, asistindo un total de 9.240 alumnos. O orzamento total destes cursos

ascendeu a 36,6 millóns de euros. Comparado co acontecido no exercicio anterior, no último ano volve a rexistrarse unha redución tanto no número de cursos e alumnos como no seu orzamento.

As principais accións formativas corresponden ás actividades de "Administración e xestión", con 165 accións e 2.475 alumnos, "Téxtil, confección e pel", con 112 cursos e 1.680 alumnos, e "Seguridade e medio ambiente", con 64 accións formativas e 960 alumnos. En conxunto, estas tres accións acollen en torno ao 55,4% dos cursos, alumnos e orzamento (**cadro 2.4.2.**).

No exercicio do ano 2012 mantívose o criterio de potenciar a figura dos cursos de formación profesional para o emprego con compromiso de contratación, mantendo o requisito de contratar, como mínimo, un 60% dos alumnos que inicien o

Cursos do Plan AFD 2013 sen compromiso de contratación: distribución sectorial

	Cursos	Alumnos	Orzamentos
			(en miles de euros)
Total	616	9.240	25.595
Actividades Físicas e Deportivas	5	75	186,07
Administración e Xestión	165	2.475	1.352,52
Agraria	17	255	792,99
Artes e Artesanías	8	120	364,88
Artes Gráficas	1	15	70,01
Comercio e Marketing	12	180	809,69
Edificación e Obra Civil	16	240	1.024,07
Electricidade e Electrónica	13	195	1.077,43
Energía e Auga	21	315	1.605,13
Fabricación Mecánica	16	240	1.351,33
Hostelería e Turismo	1	15	16,39
Imaxe e Son	40	600	2.581,66
Imaxe Persoal	10	150	503,36
Industrias Alimentarias	3	45	214,92
Industrias Extractivas	1	15	37,66
Informática e Comunicacions	1	15	91,15
Instalación e Mantemento	31	465	1.859,34
Madeira Moble e Corcho	2	30	135,69
Marítimo Pesqueira	16	240	1.076,47
Sanidade	5	75	64,30
Seguridade e Medioambiente	64	960	2.142,48
Servizos Socioculturais e á Comunidade	11	165	409,26
Téxtil Confección e Pel	112	1.680	5.786,40
Transporte e Mantemento de Vehículos	45	675	2.042,05

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.4.2.

Plan AFD 2013. Cursos con compromiso de contratación: distribución provincial e sectorial

	Cursos	Alumnos	Orzamentos
			(en miles de euros)
Total	65	924	1.076,7
A Coruña	1	15	81,8
Lugo	3	30	159,7
Ourense	3	35	81,5
Pontevedra	58	844	753,7
Distribución sectorial	65	924	1.076,7
Administración e Xestión	1	10	45,8
Comercio e Marketing	1	10	46,8
Edificación e Obra Civil	1	10	67,1
Fabricación Mecánica	4	40	120,6
Industrias Alimentarias	3	37	45,8
Informática e Comunicacions	1	15	81,8
Química	1	11	18,9
Seguridade e Medioambiente	1	16	66,2
Servizos Socioculturais e á Comunidade	1	10	23,0
Transporte e Mantemento de Vehículos	49	734	427,7
Téxtil, confección e pel	2	31	133,0

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.4.3.

Plan AFD 2013. Cursos en centros propios: distribución provincial e

	Cursos	Alumnos	Orzamentos
			(en euros)
Total	197	2.327	9.232.616
A Coruña	74	950	3.045.519
Lugo	24	342	1.737.657
Ourense	37	450	1.793.605
Pontevedra	62	585	2.655.834
Distribución sectorial	197	2.976	9.758,6
Actividades Físicas e Deportivas	1	15	31,6
Administración e Xestión	3	45	244,8
Agraria	17	255	787,0
Comercio e Marketing	10	150	267,2
Edificación e Obra Civil	5	75	306,0
Electricidade e Electrónica	10	150	860,7
Enerxía e Auga	13	195	977,6
Fabricación Mecánica	19	285	1.539,5
Hostelería e Turismo	9	135	283,7
Imaxe Persoal	2	30	72,9
Industrias Extractivas	1	15	97,8
Informática e Comunicacóns	11	165	704,9
Instalación e Mantemento	20	300	1.268,2
Madeira, Moble e Corcho	11	165	492,4
Marítimo Pesqueira	33	516	278,1
Seguridade e Medioambiente	2	30	119,8
Servizos Socioculturais e á Comunidade	22	330	1.006,4
Transporte e Mantemento de Vehículos	8	120	419,9

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.4.4.

curso por un período mínimo de 6 meses a xornada completa ou tempo equivalente, no caso de que a contratación non sexa a xornada completa.

Aos sesenta e cinco cursos de formación con compromiso de contratación programados no exercicio 2013 asistiron un total de 924 alumnos, ascendendo o seu orzamento a 1,1 millóns de euros. No último ano impartíronse dez accións formativas menos que no ano anterior, asistindo 180 persoas menos e cun orzamento que é en torno aos trescentos un mil euros inferior. A nivel sectorial, destaca a importancia relativa do subsector "Transporte e mantemento de vehículos", que en 2013 acolleu 49 dos 65 cursos programados, case oito de cada dez alumnos (734) e o 40% do orzamento.

Con cargo ao orzamento do plan AFD impartíronse, na programación do ano 2013, un total de 197 cursos de formación profesional para o emprego en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 9,8 millóns de euros, participando nestes cursos un total de 2.976 alumnos. Destacan os programados en A Coruña, aos que lle corresponde en torno ao 38% dos cursos e alumnos e o 39% do orzamento total. No último ano aumenta novamente o volume de recursos destinados así como o dos cursos e alumnos.

Atendendo á distribución sectorial da programación destes cursos, dos datos do **cadro 2.4.4.** despréndese que as actividades máis importantes, en canto á súa dotación orzamentaria, son

Plans de formación para persoas ocupadas 2012-13

	Entidades	Plans	Accións formativas	Alumnos	Orzamento
					(en miles de euros)
Plans de formación específicos	24	24	78	1.104	1.135,85
Plans de formación intersectoriais	22	22	644	10.585	5.355,15
Autónomos	9	9	31		
Intersectorial	7	7	592		
Economía Social	6	6	21		

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.4.5.

os de “fabricación mecánica”, “instalación e mantemento” e “servizos socioculturais”, que concentran case o 40% do orzamento total.

A formación profesional dirixida prioritariamente a persoas ocupadas ten como finalidade proporcionarlles a cualificación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas axeitados aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior competitividade coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador. No ano 2012 realizáronse 645 accións intersectoriais e 78 específicos nun total de 46 plans que acolleron outras tantas entidades. Os seus orzamentos para o último exercicio descenderon ata os 5,3 e 1,1 millóns de euros, respectivamente (**cadro 2.4.5.**).

PROMOCIÓN DO EMPREGO

En canto aos distintos programas de incentivos dirixidos á mellora da empregabilidade dos traballadores distínguense tres grandes grupos de actuacións: os destinados ao fomento da contratación por conta allea e da estabilidade laboral, os dirixidos ao fomento do autoemprego e traballo autónomo, os programas de integración laboral das persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social, e finalmente, o de fomento

do asociacionismo dos traballadores autónomos, dos centros especiais de emprego e das empresas de inserción laboral.

● Fomento da contratación por conta allea e da estabilidade laboral

O número de traballadores beneficiarios deste tipo de programas foi de 1.950 persoas, (1.016 foron mulleres e 934 homes) das que 806 teñen idades comprendidas entre 31 e 44 anos (708 beneficiarios teñen menos de trinta anos). O número de empresas beneficiarias destas axudas ascendeu a 1.520.

Dentro destas actuacións salientan o programa de fomento da transformación de contratos temporais en indefinidos, que afectan a 1.044 traballadores (554 mulleres), seguido polo programa de fomento da contratación indefinida, do que se beneficiaron un total de 880 traballadores (450 mulleres).

● Fomento do autoemprego e do traballo autónomo

O número total de traballadores beneficiarios dos programas de fomento do autoemprego e do traballo autónomo recollidos no **cadro 2.4.6.** ascendeu en 2013 a 2.555 beneficiarios dos que 1.334 son homes e 1.221 mulleres.

Actuacións para o fomento do emprego e estabilidade laboral 2013: distribución segundo sexo e idade

Procedemento	Beneficiarios	Homes	Mulleres	< 30 anos	31-44 anos	> 45 anos
Fomento do emprego e da estabilidade laboral	1.950	934	1.016	708	806	436
Fomento da contratación indefinida	880	430	450	292	340	248
Fomento da transformación de contratos temporais en indefinidos	1.044	490	554	409	452	183
Fomento da contratación temporal	26	14	12	7	14	5
Fomento do autoemprego e do traballo autónomo	2.555	1.334	1.221	748	1.341	466
Promoción do emprego autónomo	1.998	1.028	970	586	1.059	353
Iniciativas emprendedoras e de emprego (IEBT+ILE e I+E+E)	525	306	219	155	268	102
Incentivos as persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias	32	0	32	7	14	11
Integración laboral persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social	2.425	1.495	930	326	1.138	963
Creación de centros especiais de emprego	25	15	10	7	12	8
Mantemento de centros especiais de emprego	1.834	1.131	703	178	857	799
Contratación de persoas con discapacidade	212	157	98	70	125	60
Unidades de apoio	255	128	84	37	97	78
Emprego con apoio	64	38	26	29	27	8
Incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL)	35	26	9	5	20	10
Total	6.930	3.763	3.167	1.782	3.285	1.865

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.4.6.

En canto ao número de traballadores beneficiarios se refire, o programa máis importante foi o de promoción do emprego autónomo, no que un total 1.998 desempregados que se constituíron como autónomos percibiron axudas (1.028 homes). Atendendo á súa desagregación segundo idades, do devandito **cadro 2.4.6.** despréndese que o 53% das persoas teñen entre 31 e 44 anos.

● **Integración laboral de persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social**

Un total de 2.425 persoas con discapacidade e/ou risco de exclusión social (1.495 mulleres) beneficiáronse das axudas deste programa de integración laboral ao longo de 2013. A súa maior parte o fixo mediante o programa dirixido ao mantemento destes traballadores nos centros especiais de emprego (1.834 persoas). Atendendo á súa desagregación por idades, o 47% dos beneficiarios tiñan entre 31 e 44 anos (1.138

persoas) e un 39,7% (963 persoas) máis de 45 anos.

● **Programas de fomento do asociacionismo**

No último exercicio beneficiáronse destas axudas un total sete entidades: cinco entidades asociativas de persoas traballadoras autónomas, unha entidade asociativa de empresas de inserción laboral e unha entidade asociativa de centros especiais de emprego. ■

